


ANDALINA

REVISTA DO MOVIMENTO FEMINISTA GALEGO
Núm. 20 - Marzo / 1990 - Precio 300 Ptas.



AS MULLERES
GALEGAS

EDITORIAL

AS MULLERES GALEGAS

Presentámos-vos un novo número adicado neste caso ás mulleres galegas, tentando rachar coa imaxe de muller galega á que teñen simplificado como muller campesiña ou mariñeira, esquecendo a grande heteroxeneidade das mulleres galegas, e os problemas que unhas e outras temos.

Eu non teño que me erguer cedo para alindar a vaca, ou estar preocupada porque chove e non podo botar a pataca, ou ir coller a ameixa, nin tampouco me agóbio ca exame que non vou ter, nen teño que facer a comida para as dúas; podo, en cámbio romper a cabeza por non atopar un emprego digno, ou porque teño a cativa enferma.

En calquera caso, eses (e moitos máis) problemas "individuais" non nos dividen na raiba que nos produce

a violación e morte, dunha nena de 12 anos en Vigo — por poñer un caso concreto — nen nas demais agresións que poidamos sufrir na rua, no traballo ou na casa.

Tampouco en moitas outras manifestacións da opresión que se mascaran de múltiples xeitos nesta sociedade.

QUE NON SE QUEDEN CONTIGO!... que non nos engañen, con tanta promesa e tanto eslogan de: elixe... agora podes!.

MOVETE CON NÓS neste "novo horizonte" que lle chama o Sr. Fraga e no que non aparecemos máis que de soslaio, na súa presentación ao Parlamento de dúas horas, no que parece que lle preocupa: "o retroceso demográfico" (supoño que temos que dar-nos por aludidas) e no que somella unha política de animación: "...Fomentar os xardíns de infáncia".



ABSOLUCION !!!

Asamblea de Mulleres de A Coruña

E absolvéronos. Os tres. A M^o Cruz Landa, Elisa Sesma e a Pablo Sánchez. Os xinecólogos xuzgados pola Audiencia Provincial de Pamplona, a petición de "ACCIÓN FAMILIAR", organización "provida" e vencellada ó OPUS DEI, por realizar un aborto legal na Seguridade Social.

A muller sometida á I.V.E., solicitou unha intervención legal no ISALUD, xa que

namentras estaba preñada, fixéranlle un feixe de radiografías na Clínica Universitaria de Navarra. O aborto era aconsellable baixo un dos supostos legais: "perigo de malformación do feto".

A pesares da absolución, a Lei despenalizadora do aborto non ampara nin ó 95% das mulleres que abortan, nin ós poucos profesionais da menciña que non se co-

bren baixo a cláusula de obxección de conciencia que teñen que defender os seus actos en procesos máis ou menos notorios (seguen abertos máis de 30 sumarios por aborto).

Desde aquí a nosa repulsa polo sucedido e a esixencia da modificación da lei; por unha lei que regule o aborto libre, gratuito e a cárgo da Seguridade Social.



Momento da concentración celebrada diante do Pazo de Xustiza en A Coruña.

CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

COMISIÓN ANTIAGRESIÓNS.
(AGM — SANTIAGO)

Vén de publicar-se un folleto que elaboramos as distintas organizacións feministas na Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado Español, no que se recollen medidas a levar a cabo en materia de agresións, maus tratos e agresións ás prostitutas. Nesas

medidas contéplan-se esixencias nos campos legislativo e social.

Así mesmo, o Movemento Feminista, explica no folleto cais son as razóns que levan a cometer este tipo de delitos, cais son as agravantes dos mesmos, ...

Deixa-se constáncia, tamén, de que con estas medidas non se vai mudar esta sociedade nen polo tanto, rematar coas agresións, mais contribúe un chisco para

avantar na loita feminista, para crear na conciencia desta sociedade unha sensibilidade maior cara estes delitos para así amingualos, para así combati-los... para que sexan públicos, denunciados e recoñecidos como tais. Todo isto tamén fai que as mulleres que sofren agresións se sintan un pouco máis descargadas do peso que lles tocou polo feito de seren "o 2^o sexo".

A "MOVIDA" VIGUESA

Colectivo de Mulleres Feministas

"Donicela" Vigo.

As agresións de carácter sexual continúan ocupando o centro da violencia exercida sobre as mulleres.

Neste último ano, en Vigo, teñen adquirido un carácter especialmente relevante pola brutalidade que as caracterizou en varias ocasións.

O caso de Alicia Rouco, de 12 anos, que o pasado mes de xaneiro foi violada e posteriormente asasinada, conmocionou á opinión pública. Unha vez máis queda demostrado que calquera muller pode ser vítima dos distintos tipos de agresión exercidos sobre nós.

Na mobilización popular que recorreu as rúas de Vigo, en protesta polo asasinato de Alicia, podía-se percibir raiba e indignación, ao tempo que as mulleres reclamábamos o noso dereito a camiñar tranquilas.

Pedía-se a actuación da xustiza na identificación do agresor. Pero, tamén unha vez máis, queda demostrado que o interese do sistema xudicial e policial por resolver este tipo de delitos é nulo. "Curiosamente", aínda non lemos a noticia da detención do violador, non podemos asistir ao seu xuízo. En cambio, aos que si estamos asistindo é aos que se levan a cabo contra dúas mulleres do Movemento Feminista, que o pasado verán foran detidas en protestas contra as violacións.

Menchu, foi absolta dos "delitos" de resistencia e agresión á policía, polos que lle pedían dous meses de arresto maior e cen mil pesetas de multa. Non obstante, durante varios meses estivo obrigada a presentar-se semanalmente no xulgado, o cal supuña un importante condicionante na súa vida.

Pilar, que chegou a estar detida na cadea durante casi dous días, polo que chamaron "delitos de insultos e agresións ao corpo policial", está pendente de sentenza.

Unha vez máis, queda demostrado, que os violadores e asasinos o teñen máis fácil diante da xustiza do que o temos as mulleres cando esiximos os nosos dereitos.



E LEVOU-NOS

Isaura Graña

No fragor da campaña electoral ao Parlamento Galego, Fraga anunciou que entraría en Raxoi con trescentos gaiteiros.

Rimos daquelas cismando que era bravuconada do ciclón Fraga.

Uns días após daquelas declaracións o riso trocou en sombriza dor de ver tantos centos de miles de votos depositados nunha opción historicamente antigaleguista, conservadora, hostil ao feminismo.

Sombriza dor de presentir novamente a Atila pisando desde o poder da Xunta de Galicia unha terra abundantemente esmagada.

Ten no seu haber asinar a sentenza de morte de Grimau, (que tentan revisar hoxe); ordes dereitas de disparos a cinco obreiros de Vitoria nos comezos de 1976; actitudes tan democratas elas como afirmar "Non hai terrorista bon se non e o terrorista morto".

Oposición rexa ao dereito elemental

das mulleres a decidir sobre a súa maternidade garantindo, por tanto, o aborto gratuito na sanidade pública.

Ministro, de unha carteira ou outra con Franco ou con Arias Navarro, sen que lle acordara Galiza no seu atraso, no seu subdesenvolvemento, na súa lingua, na súa emigración, no seu abandono.

Sen que lle acordara máis naide que os cacicóns galegos, mangallóns a chuchar do traballo de mulleres e homes desposuídos.

Sen que lle acordara outra cousa que inauguracións, romarias, cocidos ou queimadas.

Muita xente a pensar que Fraga vai resolver canto mal nos aqueixa.

Conservando memoria, outras xentes non podemos conceder-lle beneficio da dúbida.

Non dimos creto á Xunta de Laxe (nen ao PSOE nen ao triunvirato que lle axudou a conforma-la) e a práctica amo-

sou-nos con creces que tiñamos razóns abundosas para eso.

Non damos creto a Xunta de Fraga nen agardamos dela nada favorábel para mulleres e homes pequenos e coitados que valoramos as liberdades individuais e ás que como povo deberian asistir-nos e disgraciadamente só moi ruinmente nos asisten.

O espectáculo do 5 de Febreiro, luns soleado nun Santiago de apacíbel invernia non nos fixo disfrutar. Nen do corido dos traxes de centos e centos de rapaces e adultos que desfilaban ao son da gaita, nen da emoción de Fraga, nen da marcha de honores do antergo reino de Galiza, nen do hino patriótico da nación, que en tantas bocas e corazóns españolistas pegaban forte nas conciencias de quen, coma min, desexabamos máis liberdade e espíritos libres do que denantes de chegar este ciclón-Atila á nosa xeografía. ■



SEMBLANZA DE PILAR GARCIA NEGRO

PILAR GARCIA NEGRO, nova parlamentaria do B.N.G., xunta na súa persoa dúas condicións importantes, mesmo imprescindíbeis para garantir un traballo a prol de Galiza: ser muller e ser galega; e ambos dous feitos non accidentais, territoriais ou xenéticos, senon cun compromiso de aprendizaxe, feito no traballo na defensa dos dereitos deste pobo e do seu colectivo máis marxinado e discriminado; as mulleres.

Con ela entra no Parlamento unha esperanza nova, un vento de liberdade, de loita que desde afora, nós, as mulleres, e sobor de todo as feministas temos a obriga de apoiar e suliñar; cecais o "cada día máis libres" poderá escoitarse tamén nas institucións.

Encarna Otero

Pilar García Negro naceu en Lugo hai 36 anos. Estudou Filoloxía Románica e FILOLOXIA Galego-Portuguesa na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago. É profesora de Língua e Literatura no Instituto da Sardiñeira na Coruña. ■

COMENTOS

A maioría dos habitantes do país galego opina que a sociedade galega é bastante machista segundo a enquisa que publicaba "La Voz de Galicia" o domingo 11 de Febreiro feita por I&MO.

¡¡ Que alivio !!

Unha, constatando esto de vello, viña sentindo-se marciala ou marcialita cada volta que escoitaba dicir que eso da opresión da muller e do machismo é cousa do pasado, ou escoitando que Galiza é un paradiso para as mulleres, ou que as feministas somos unhas susceptíbeis de órdago...

Si que alivio !!

Non é que as enquisas de opinión

sexan o nova máis nen que reflexen con grande fidelidade a realidade, entre outras cousas porque depende moito de qué preguntas se fagan e de como se fagan as preguntas. En todo caso, como os resultados desa enquisa aproxíman-se un tantíño ao que eu observo da realidade galega gosta-me saber que neste caso aquela conciencia extraordinariamente minoritaria que o feminismo galego botara a andar polos anos 76, nalgúns aspectos se teña convertido en algo importante.

Ben, pois o Sr. Cuadrado Tato, alcalde de Carballeda é un exemplo nítido e recbnte dese machismo que campea por toda parte. As mulleres para esta ilustre autoridade polo feito de ter capacidade reproductora, que implica na idade fértil

a presenza da menstruación mensual, pois non podemos traballar que causamos moitas bixas no ano.

Xa me parecía a min que algunha razón tería a sociedade, as autoridades, os poderes públicos, os que ditan leis etc para manter-nos nunha situación de subordinación, discriminación e opresión.

Co facil que era decatarse !!

Que non vos enterades feministas históricas...!! Que a cousa está clara. Unha simple regra de todos os meses, de tantos meses ao ano, de tantos anos da vida e ten que vir o Sr. Cuadrado a explicar-no-lo.

Unha só pregunta. Na sua casa, na sua familia, fai el o traballo doméstico os días de marras.■

PUBLICIDADE



- MURALISMO
- ROTULACION
- MAQUETADO
- ANAGRAMAS • LOGOTIPOS
- ANUNCIOS
- CARTELES

Zacarias

CREACION Y DISEÑO - FOTOMECANICA

HERRERIA, 14 2º Tel 840369 PONTEVEDRA 36002

LIBRERIA PAZ

— LIBROS DE TEXTO
— TODO EN FORMACIÓN PROFESIONAL

C/ Peregrina n.º 20
Pontevedra





entremuros, 12 - santiago



TRINCHERA

IRMANDIÑOS 15 VIGO

TREPANOCOQUEIRO
GRUPO DE TEATRO



Contactos en Vigo
Telf: 23 70 37
Telf: 25 25 26
Apdo 1 617

COA OBRA
"O CARA-PÁLIDA DA CARAVELA"



C/. Urzáiz, 38 - 1.º
Teléfono, 22 83 22

SALON DE PELUQUERIA
MARISE

36201 VIGO

mara costas

Pza. Compostela, 12 36201 VIGO Tf. 439489
M.ª Berdiales, 21-1.º 36203 VIGO Tf. 431700

PARIR NON É O DESTINO DA MULLER

A.L.G.

O aborto está a ser un dos temas "estrela" da actualidade política e social nos últimos dous meses, desde que saltou ás primeiras planas dos medios de comunicación o xuízo de Pamplona.


Até entón viñan discorrendo en silencio as angurias de centos e milleiros de mulleres que, en demanda de interrupción voluntaria dun embarazo non desexado, tiñan que percurar-se "a vida". Información, cartos, clandestinidades, medos.

A meirande parte das mulleres que abortan seguen facendo-o na *ilegalidade*. Só un 5% escaso pode acobillar-se á Lei Despenalizadora nos tres supostos coñecidos.

A maior parte dos xinecólogos da sanidade pública teñen-se declarado obxectores de conciencia.

Os poucos que, defendendo a Sanidade Pública, os realizan teñen visto perigar — como no caso dos tres de Pamplona — a súa integridade profesional, física e moral, porque as asociacións "pro-vida", ao calor dunha miserábel lei e do bloqueo sanitario da mesma, montan bulla á conta de campañas demagóxicas, mentiras e falacias entre sectores moi novos da sociedade que eles "controlan" (coléxios e parróquias OPUS ou pro-OPUS).

A realidade, non obstante, segue teimando e pasando por riba de calquera argumento: unha sexualidade reducida exclusivizada ás relacións home-muller e dentro destas ao coito vaxinal, a pouca información sexual e anticonceptiva, o uso abondoso da anticoncepción "non se-



gura" ("marcha atrás", "Oxino", "outros") veñen dando como resultado excesivos embarazos non desexados.

Embarazos en mulleres maiores de 25 ou 30 anos e en menores de 18, en mulleres casadas e solteiras, en amas de casa e en estudantes, en traballadoras e en paradas. Con fillos e sen eles.

As memórias dos tres Centros de Planeamento Familiar da provincia de A Coruña do ano 1988 son reveladoras:

Atenderon-se un total de 445 mulleres embarazadas. 6 seguiron o embarazo, 5 abortaron espontaneamente e 434 solicitaron voluntariamente a interrupción do embarazo.

Destes 434 abortos levados a termo só un 4,45% puido acobillar-se á lei despenalizadora mentras o 95,54% tivo que acudir a clínicas privadas e pagando. (1)

(1) ELABORACION PROPIA COAS MEMORIAS DOS COF DE FERROL, A CORUÑA, SANTIAGO (1988)

CASADAS	SOLTEIRAS	DIVORCIADAS E SEPARADAS	-20	20-29	30-39	+40
50.69 %	43.41 %	58.88 %	21%	47.33%	28.61%	2.38 %

AMAS DE CASA	ESTUDANTES	OUTRAS	CON FILLOS	SEN FILLOS
38.12%	21.5%	40.37%	53.42%	46.81%

ESTUDOS PRIM.	EXB.FP	OUTROS
28.28%	38.66%	25.02%

(Queda-nos a tranquilidade de saber que o 80% destas mulleres após o aborto demandaron anticoncepción segura). Esto vén sendo así desde que o Goberno de Madrid aprobara en agosto de 1985 aquela porqueria de lei.

O PSOE sabe sobradamente que o 95% das mulleres que abortan fan-no na *ilegalidade* tendo que abonar cantidades de 35 ou 40.000 pts. mínimo.

Pero esto no é un grande problema. Total atinxe ás mulleres e máis que nada ás peor colocadas socialmente (menor información, mobilidade social, crian pouca opinión e están cada unha na súa casa agachando o seu aborto polo que poidera pasar)... Así que como todo esto non se coñece pois pode seguir tirando-se mocos as Matilde Fernández, Carme Romero ou Rosa Miguélez sobre as extraordinarias medidas do Plán de Igualdade e do seu "feminismo de toda a vida".

O xuízo de Pamplona tivo a virtude de abrir a "caixa dos tronos" e deixar que o que ocorrera por baixo fose posto á luz.

O aborto voltou preocupar á opinión pública. Voltou preocupar, tamén, ás feministas que saíron á rua e axitaron a prol do dereito das mulleres a decidir sempre e en calquera circunstancia a maternidade.



Gracias a toda esta liorta o goberno agora mira a necesidade de criar unhas "unidades de reprodución" nalgúns centros públicos que atendan — entre outras cousas — as demandas de aborto sen que poidan traballar nelas xinecólogos nen sanitarios obxectores.

Matilde Fernández anunciou, por outra parte, que ampliará a lei. Que aínda non pode avanzar nada pero unha maioría social así o demanda.

Estricarán outro tantinho por aquilo de ir sempre aos poucos porque seica o seu feminismo non dá para garantir o dereito individual das mulleres, de cada muller, a ter fillos ou non e, caso de te-los ter os que queira, cando queira e con quen queira.

O aborto, empeñe-se quen se empeñe, é o último recurso que as mulleres en idade fértil temos para evitar fillos non desexados.

Logo... forma parte do dereito a decidir a maternidade coa mesma forza e da mesma calidade que a anticoncepción e a información sexual.

Despois de todo quen se esteve xa a afirmar que parir é o destino da muller? ■

METODOS ANTICONCEPTIVOS USADOS

"Marcha atrás", "Oxino"	59.6%
Outros	26.9%
Nada	13.6%

RAZONS QUE ADUCE PARA ABORTAR

Sócio-económicas	47.3%
Non quere ter ese fillo/a	35.63%
Outras (saúde, solt., menores)	16.90%

PREVIO AO ABORTO, QUE PENSAN DO ABORTO

Favorábeis	75%
Favorábeis con reservas	9.77%
Non, en ningún caso	8.64%
Non sabe, non contesta	5.83%

QUEN - COMO SE TOMA A DECISION

A muller en exclusiva	29%
1º a muller, 2º consulta	38.17%
Outros (Presión parella, Entorno familiar)	9.25%

- C.O.F Santiago: Dos 94 fillos das mulleres que demandaron abortos, o 50 % foron NON DESEXADOS.
- Dos 3 Centros: Un 14 % tentaron métodos caseiros denantes de acudir aos Centros.

ASPECTOS SOCIAIS DO ABORTO

Celsa Perdíz Alvarez

Traballadora no Centro de Planificación Familiar de Ourense.

O aborto, segue sendo un tema de actualidade, a pesar dos moitos anos de reivindicación social transcurridos. As implicacións morais, ideolóxicas e políticas que conleva, son en grande medida as responsábeis de que aínda exista este debate.

As diferentes posicións sociais existentes, responden ás consideracións individuais referidas, a posición do goberno está determinada por estas, e co paso do tempo, viu-se que ambas se influen mutuamente.

Poden-se distinguir tres posturas sociais diferentes en torno ao aborto:

1.- Proibicionista: É defendida por un 20% da poboación adulta. Opon-se a despenalización, por considerar a nai como mero receptáculo da vida. Son dogmáticos e exixen submisión á súa postura. O seu discurso, basea-se en cuestións éticas e no mantemento da sociedade patriarcal.

2.- Reivindicativo, representa aproximadamente, outro 20% da poboación, considera o aborto como un dereito subxectivo e irrenunciábel da muller, fundamentado no dereito á sexualidade e á maternidade desexada e responsábel, co dereito da muller para decidir sobre o seu propio corpo, posto que o feto non é posuidor de dereitos subxectivos.

3.- A postura de tolerancia, representa o 60% da poboación, porcentaxe que se viu incrementada co paso do tempo. Este grupo defende a despenalización restrinxida, precisamente nos tres supostos que indica a actual lei.

Desde o momento que se legaliza un comportamento, caso da lei parcial do



aborto, as posturas contrárias, van-se suavizando co paso do tempo, xa que a consideración social de ilícito, pasa a ser considerada como legal.

A posición do goberno, responde a este terceiro discurso, dando así resposta á maioría da poboación, e cabalgando entre os discursos morais tradicionais e a posición progresista de conciencia individual. Esta ambigüidade, leva a que non se recoñeza o dereito individual da muller a dispór do seu propio corpo, nen tampouco, á preponderancia do feto fronte da nai.

Esta ambigüidade política e social, é a responsábel de que existan mulleres ás que non se lles garante o seu dereito legal a abortar, profesionais procesados por

cumprir a súa obriga de realizar un aborto, xuíces que interpretan a lexislación respondendo ós seus propios códigos morais, xerentes da sanidade pública que non artellan os medios para facer posible o aborto, e políticos que non teñen a vontade de respetar os dereitos individuais das mulleres.

Independentemente da postura ou actitude social mantida (proibicionista, reivindicativa ou ambigua), a realidade, é que o comportamento individual non se ve alterado, e as mulleres seguen abortando independentemente da actitude que expresen.

As diferentes organizacións feministas, a Federación Española de Planeamento Familiar e incluso o Instituto de la Muj-

er, cifran o número de abortos por ano a nivel do estado entre 100.000 e 150.000, fronte aos 16.000 que declara o Ministerio de Sanidade. De todos os abortos existentes, calcula-se que só 600 se realizan na medicina pública cada ano, pasando o resto a mans de clínicas privadas.

É difícil estimar o número de demandas de aborto en Galiza, dados os múltiples canles que empregan as mulleres, e a non declaración dos abortos reais realizados, por parte das clínicas privadas. Os Centros de Planificación Familiar do Insalud, recollen un número aproximado de 700 solicitudes por ano, dos que só un 3% se realizan no ámbito da Seguridade Social.

É revelador esta pequena porcentaxe que cobre a actual lei, pero aínda máis grave, que as poucas mulleres que forman este grupo, e os profesionais que lle realizan o aborto, tampouco están protexidos pola lexislación.

Aínda que se sabe, que as posicións ou actitudes cara o aborto, van parellas con outras variabeis de tipo social como a nivel cultural, económico, ideolóxico, costumes morais, etc.; os datos recollidos, demostráronos, que en canto ao comportamento non hai grandes diferéncias, e non se pode establecer un perfil claro da persoa que recorre ao aborto; podemos destacar, os seguintes aspectos das persoas que solicitan abortos nos Centros de Planificación Familiar galegos:

— En contra do que cabería esperar, xa que os niveis socioeconómicos médios altos son máis permisivos, as demandas do C.O.F., corresponden a niveis medio baixos, onde o factor economía para a crianza dos fillos é moi importante; é dicir, o factor economía impon-se sobre o que podería ser unha actitude negativa cara ao aborto.

— A información e accesibilidade, é moi importante, así a maioría son residentes do medio urbán, aínda que procedentes do rural.

— As porcentaxes de aborto, dan-se

por igual entre casados e solteiros. Tradicionalmente, pensaba-se que o aborto só era patrimonio das solteiras, sen embargo, aínda que os vínculos legais son importantes, tamen xogan forte outros factores.

— O que cada vez se esixan cuotas máis altas de nivel de vida, fai que a maioría das mulleres teñan de 0 a 2 fillos, pois un membro máis suporía a desestabilización do programa de benestar da familia.

— No 70% dos casos, o embarazo xurdiu, pola utilización de métodos anticonceptivos pouco eficaces. A información sobre sexualidade e anticoncepción pode reducir considerabelmente o número de abortos, pero nunca deixaría de existir, xa que está enmarcado na sexualidade, afectividade e relación de parella, feitos que rebasan a mera anticoncepción.

— A situación económica e social é o motivo máis alegado para recurrir ao aborto. A actual lei non recolle este suposto, polo que tampouco fai xustiza á realidade social.

— A relixión, é en conxunto, a actitude persoal mantida cara ao aborto, non xogan un papel importante na conduta do aborto. Como decía ao principio, independentemente da postura que se manteña, (reivindicativa, ambigua ou proibicionista) ante un embarazo non desexado, e unha situación desfavorable, recorre-se ao aborto. É unha situación de hipocresía social.

O nacemento dun novo fillo, é un feito que debe ser planeado ou previsto, xa que produz unha serie de modificacións na muller e/ou na parella que son importantes: o embarazo incide na saúde da muller, o aumento de número de membros modifica as condicións de aloxamento, o presuposto económico ve-se alterado, o tempo libre e o ocio reducen-se, a actividade laboral ve-se modificada, os labores domésticos incrementan-se; en definitiva un fillo non previsto, rompe a dinámica e o sistema de relacións da muller e da familia.

A actual lei de aborto (non existe lei de aborto en España, senón despenalización do mesmo en tres supostos), non recolle a situación destas mulleres, e o 97% das mesmas recorre as clínicas privadas. Pero o que aínda é máis grave, tampouco garante que aquelas mulleres que se atopan nunha das tres circunstancias despenalizadas, lles sexa practicado o aborto dentro da Seguridade Social, ao ter que atopar-se coas seguintes circunstancias favorables, difíciles de concurrir na práctica:

1.- Recibir información adecuada sobre as posibilidades de aborto legal, a maioría dos profesionais, ou ben descoñecen esta información, ou ben a omiten por problemas éticos. A lexislación contempla a figura do indutor de delito.

2.- Atopar un ou dous profesionais segundo o caso, que certifiquen a indicación de aborto, esta, a parte das obxeccións de conciencia, é difícil de demostrar, xa que se fundamenta en revisións bibliográficas e porcentaxes de interpretación subxectiva segundo o autor.

3.- Contar con un equipo médico dispoñible para realizar o aborto. A non regulación da obxección de conciencia, a falta de vontade política, e de xestión dos xerentes hospitalarios, así como os custos persoais e sociais dos profesionais que realizan abortos, fai que esta circunstancia sexa difícil.

4.- E por último, ser capaz de soportar a incertidume e a lentitude do proceso, así como non importar-lle ver comprometida a súa intimidade.

Nesta situación, o máis fácil é recurrir ao aborto nunha clínica privada, posto que a lei non garante nen o dereito da muller, nen respalda aos profesionais que cumpren o seu deber.

Para rematar e á vista da situación, cabe pedir a desaparición do aborto do Código Penal, a regulación da obxección de conciencia e a elaboración dunha lei de aborto (que até agora non existe), baseada nos prazos de xestación e na libre decisión da muller.

AS AGRESIÓNS E A ESCOLA



Grupo de Profesoras de Santiago e Vilagarcía

Esta é unha experiencia de investigación realizada en dez centros de Ensino Médio en Galiza, a partir da enquisa "Estudo da agresividade do noso instituto" que foi pasada a 1.200 alumnos e alumnas de idades comprendidas entre 15 e 18 anos. Dos datos recollidos obtivemos as seguintes conclusións:

— Os rapaces son os principais suxeitos agresores. (Ver gráfica).

— As rapazas teñen asumida a súa inferioridade. Os datos que obtivemos reflexan un clara conciencia da desigualdade.

— As agresións que sofren as rapazas teñen un marcado carácter sexual. Non observamos o mesmo no caso de ser os rapaces os agredidos.

— Os rapaces utilizan en maior medida as forzas máis violentas de agresión. As agresións "non violentas" son utilizadas por ambos os dous sexos.

— Moitas das agresións no ensino teñen un claro carácter sexista e posúen unha forte compoñente discriminatória coas rapazas. Este tipo de agresións ás rapazas son consideradas normais e non sancionábeis.

— A capacidade de resposta autónoma das rapazas está moi limitada.

Rapazas e rapaces chegan á escola con aprendizaxes realizadas na familia que xa lles teñen fixado o papel que han de asumir segundo sexan dun sexo ou doutro. A escola vai continuar esta tarefa: vai axudar a que a desigualdade medre e que pareza máis natural e aceptábel. Este

proceso articula-se a través de mecanismos firmes. A saber:

O máis sinxelo é a imitación, o reproducir o comportamento dos demais. Progresivamente, ao ir medrando, os modelos de imitación van sendo as persoas do mesmo sexo que o propio.



A identificación é outro deses mecanismos: pensar, sentir e comportar-se como se as características do modelo fosen as propias. A boa identificación sería a que contribúe a conformar unha personalidade "equilibrada", a que toma como modelo unha persoa do mesmo sexo.

Outro mecanismo fundamental é o reforzo: Premian-se as condutas que se instalan e castigan-se aquelas que se consideran non adecuadas.

Como actúan estes mecanismos no referente ás agresións?

Imos analizar, por exemplo, como a aceptación por parte do profesorado de

estereotipos como "As rapazas son pacíficas e tranquilas, os rapaces son violentos e agresivos", reforzan as condutas asinadas a cada rol. Esa aceptación vai conducir a unha maior permisividade da violencia de rapaces e incrementar a pasividade das rapazas, conformando personalidades femininas resignadas ante

a agresión e a violencia masculina.

Canto máis fortes e agresivos se manifestan os rapaces, máis pretixio acadarán entre os propios compañeiros, servíndo-lles así de reforzo á conduta de conseguir as cousas pola violencia. En cambio elas pola vía da forza non poden conseguir ese prestixio ante as súas compañeiras en faran-no a través do victimismo e a seducción, tentando conseguir o éxito pola vía do diálogo.

Determinados comportamentos do profesorado tamén contribúen ao fortalecemento de actitudes do alumnado acordes co rol correspondente. Coméntariós diri-

xidos ás rapazas tan comuns como: "isto parece un carnaval...", "Como vas de pintada...", "Con esas minisallas non me estraña nada...", "É que andan dun xeito que provocan a calquera...", " Esa é de armas tomar...", "É que fulanita está boísima...", etc., inciden e potencian entre os alumnos masculinos atitudes de menosprezo e agresión cara ás súas compañeiras á vez que restrínxen a liberdade persoal destas. Comentários dese tipo tamén tenden a culpabilizar ás rapazas dos ataques dirixidos, fomentando entre elas a aceptación das agresións como algo lóxico e froito da provocación.

Resulta de interese reflexionar asimismo sobre como actúan os diferentes comportamentos do profesorado ante as demandas de intervención do alumnado feminino. Os datos resultantes da enquisa mencionada ao principio falan-nos dunha menor capacidade autónoma de resposta nas rapazas que nos rapaces. Até que punto o rexeitamento das demandas de axuda por parte do profesorado ou as sancións directas das agresións ás rapazas inciden nunha dirección ou noutra?. Hoxe parte do persoal docente máis influído polo discurso da igualdade e da autonomía individual tenta "endurecer" ás rapa-



zas rexeitando as intervencións de demanda de axuda. Cabe preguntarse sen embargo se este tipo de comportamentos constitúe un "endurecemento" positivo ou máis ben actúa como reforzo cara a conductas pasivas nas rapazas, contribuíndo a potenciar o sentimento de impotencia e marxinación das rapazas.


Agora ben, se o rexeitamento ás demandas de intervención pode provocar as anteriores consecuencias, tamén sucede que as actuacións do profesorado tendentes a sancionar exclusiva e especialmente as agresións ás rapazas poden transmitir a mensaxe de que se trata de agresións entre non iguais, potenciando a agresividade dos rapaces, e, indirectamente, restrinxir a capacidade de resposta delas.

Consideramos que os criterios de ac-

tuación ante este tipo de situacións pasarían pola necesaria estimulación das alunas para desenvolver a propia autovaloración, por incrementar a conciencia canto á necesidade de respostar ás agresións, de que elas poden facé-lo, son capaces, canto ás razóns de fondo que levan ás agresións sexistas, etc.

Aparece como unha práctica habitual na interrelación entre os dous sexos a agresión sexual directa ás rapazas, cuestión esta de esperar, por outra banda, xa que sucede que a escola non se pode situar á marxe dos valores machistas desta sociedade, dos valores que sitúan ás mulleres como seres inferiores aos homes, dos valores que nos falan da muller como un mero obxecto sexual á libre disposición do home. A escola, en lugar de cuestionar eses valores, consegue afianzá-los aínda máis para que todo siga funcionando perfectamente.

É hora xa de cuestionar o papel que vén xogando a escola na reprodución de roles diferenciados por sexos. É necesario e importante que dende o profesorado reflexionemos sobre as nosas atitudes e comportamentos co alumnado en temas como os que aquí acabamos de abordar. De seguro que sería útil na loita por unha verdadeira escola pública e non sexista. ■



CONTROVÉRSIAS SOBRE A MULLER GALEGA

(Trazos Patriarcais do pensamento galeguista)

Ramona Barrio

Nanina Santos

(Ourense ,Outubro, 1986)

III CONTROVERSIA.

A reivindicación dunha Galiza rural idealizada é un leit-motiv do pensamento galeguista que xa atopamos formulada en Murguia e de xeito moi claro en A. Brañas. Por fin ao traveso de Risco e Otero Pedraio conformará fondamente todo o pensamento galeguista.

Vai-se-nos presentar unha Galiza tradicional sen conflitos, apacíbel, onde os problemas existentes son causados por axentes externos, a formulación máis acabada desta idealización atopamo-la en Risco:

"A sociedade galega é esencialmente democrática. De organización feudal que sería na Edá Medea, leva camiño de se converter en democracia agrária. Por outra parte Gaeiza é un país pobre. As diferencias de fortuna entre nós nunca poideron ser tan grandes coma noutras terras (...) Ademais, se houbo e hai aínda separación de clases nunca houbo eiqui entre elas a distancia que había e hai noutros países" (19)

Esta visión idealizada da Galiza rural vai inevitabelmente acompañada da reivin-

Presentamos-vos as III controversias e conclusións da ponencia apresentada nas IV Xornadas Agrárias Galegas.

(Para a I e II controversia mirade ANDAINA nº 18 e 19 respectivamente)

dicación da familia tradicional como unidade de produción e base da sociedade. Esta defensa sera afervorada en Brañas, Risco e Pedraio, representantes das ideas máis conservadoras do Movemento, pero dos máis influentes no conxunto do pensamento galeguista.

Topamos en Brañas unha reivindicación da Galiza precapitalista que vai da man do rexeitamento do industrialismo e do liberalismo:

"El industrialismo moderno, fruto de las radicales y materialistas doctrinas económicas de la escuela ortodoxa, creó los gigantescos talleres, escuelas de inmoralidad y perversión, desorganizó la familia llevándola del hogar a la fábrica" (20).

Como di R.Maiz: "A proposta de cultivo das pequenas industrias (En Brañas) non trata máis que de desenvolver un modelo artesanal precapitalista fronte á industrialización do capitalismo moderno en evitación dos males que ésta arrastra consigo: disolución da familia, abolición dos gremios, etc." (21).

Esta actitude que forzosamente im-

plica a defensa do rol tradicional da muller acompaña-se da también tradicional idealización do sexo feminino:

"Os pazos afundíronse, os castelos están valdeiros, os trovadores morreron, as costumes volveronse outras, pro o culto á muller non se extingue, o amor é o mesmo porque a fórmula da liberdade, o cimento d'ó fogar, i o espírito da patria" (22).

A reivindicación da Galiza tradicional (o antiindustrialismo e a economía familiar):

"...Todo emprendimento de reconstrucción económica de Galiza ten un lindeiro que endexamais debe ser traspasado. Iste lindeiro é o que lle impón a estrutura económico social de tradición no noso país, tipo de economía familiar que non somentes representa nos nosos días un óptimo senon que o destruílo sería atentar contra o noso autoctonismo". (23).

Como se pode ver a relixión e a familia constitúen dous elementos básicos da ideoloxía destes dous pilares do nacionalismo galego. Pouco lugar, xa que logo, fica para o desenrolo de ideas igualitaristas e aínda menos de atención á emancipación das mulleres.

Como en Brañas tamén en Risco topamos a preocupación pola pureza das costumes, con posicións que forzosamente dificultan calquera avance cara á liberación da muller:

"Non hai, non pode haber amor libre; o que chaman amor libre non é máis que vicio libre. O amor por natureza é servidume; onde hai liberdade non hai amor. O amor non se pode reducir a un asunto de sexos. A virxidade, os fillos, son cousas que requiren alma, que requiren sentimento, que requiren virtude, que custan esforzo e sacrificio..."(24)

Asistimos a reiterada reivindicación da Arcadia rural na que a familia patriarcal é cimento, sen ningunha alusión á opresión da muller.

Así é que para os país do nacionalismo

(25) os problemas das mulleres reducense aos xurídicos (capacidade da muller casada), e legais (dereito de voto), o demais está ben como está e, querer mudá-lo sería, en verbas de Risco, facer "obra antigalega".

A XEITO DE CONCLUSIÓNS


A filosofía, a liña de pensamento que subxace no xeito de razoamento que vimos de expor nesas tres controversias, coidamos que ten unha liña de continuidade no presente (referimo-nos á filosofía) e que podemos topá-la hoxe en escritas e debates.

Por exemplo, nas críticas feitas desde o galeguismo ao traballo que ven desenvolvendo o Movemento Feminista Galego como "obra alonxada da realidade do país" ou "obra antigalega" non só por concentrar-se ese traballo nos núcleos vilegos senon por plantexar demandas e esixencias que pouco teñen que ver coas necesidades da "muller galega" (26).

A posta sobre a mesa na nosa sociedade da existencia dunha contradición home/muller feita máis que nada polo Movemento Feminista Galego ten suscitado duras respostas como que, por exemplo, divide ao movemento popular buscando falsos inimigos polo feito de pór á luz o antagonismo existente entre os sexos, tamén dentro do movemento popular composto, lóxicamente, por mulleres e homes.

A pretensión de inscibir na loita da liberación nacional e social de Galiza, un traballo destinado a rematar cos privilexios materiais que os homes, como xénero, teñen acumulado á conta das mulleres, (sen por iso pretender converte-los en inimigo principal das mulleres), recibe críticas dende unha posición de considerar a Galiza como algo plano, sen contradicións (27).

O interese esaxerado por acochar os privilexios dos homes sobre as mulleres, desposuíndo estes de toda responsabilidade, volta a aparecer, en versión dife-



rente pero, en esencia idéntico ao que comentabamos na segunda controversia.

O inimigo é común e fronte a el, homes e mulleres, xuntos, en idéntica loita para conseguir os mesmos obxetivos.

O que acontece, finalmente, entre homes e mulleres é que ambos sexos estamos improntados, por un igual, da ideoloxía dominante, burguesa, e temos que quebrar e desprender-nos desa ideoloxía e dos aparellos ideolóxicos que a perpetúan (28).

Temos pois que, á forza de insistir en que o inimigo é común e que a posta á luz da contradición entre os sexos divide ao movemento popular cando non é cómplice do inimigo con maiúsculas, aparece aos nosos ollos unha privilexiada situación das mulleres campesiñas verbo de outras mulleres.

Se a isto engadimos o abuso de tópi-

cos como que a familia campesiña é democrática e comunitaria, ou que a elevada participación feminina nas tarefas agrícolas concede a estas máis capacidade de decisión e poder ou, a mesma predicada liberalidade sexual existente no rural, presenta-se-nos unha situación e condición de muller campesiña e, por ende, de muller galega, certamente alonxada da que vive e padece a oprimida vilega.

A conclusión lóxica deste xeito de abordar a cuestión á hora de propor alternativas é considerar que o feminismo axeitado á realidade do país abundaría con plantexar a necesidade da incorporación das mulleres ás organizacións nacionalistas, garantía da súa liberación, evitando plantexar —mesmo dificultando que se expresen— as contradicións existentes dentro do pobo galego e, en concreto, o



NOTAS

conflicto entre homes e mulleres do rural como entre mulleres e homes de vilas e cidades.

Para dar cabo destas difíceis controversias, voltamos a repetir que a nosa preocupación pola sorte do chamado segundo sexo é o que nos ten levado a revisar as herdanzas recibidas en materia política e ideolóxica.

Hoxe temos traído aquí os trazos patriarcais do pensamento, da tradición galeguista do pasado e do presente, co ánimo de estar en disposición de apreciar mellor á realidade na que vivemos e que queremos mudar, sen prexuízos.

De achegar-nos á vida, traballo, desexos e soños das mulleres galegas do campo e da cidade, para, a partir dese coñecemento realizar o traballo específico destinado a rematar cos privilexios dos varóns, tarefa imposible no marco dunha sociedade explotadora, opresora e inxusta como a que padecemos.

A loita pola liberación nacional e social de Galiza, na que nós nos sentimos implicadas, inclúe, de pleno dereito, a loita para a abolición dos xéneros (29) causa que quere, desde xá, un plantexamento mui radical e mui feminista.

(19).- Teoría o Nacionalismo Galego. V. Risco. Obras Completas. Ed. Akal. Tamén Castelao, en ocasións, nos presenta unha imaxe plana, sen contradicións ao definir Galiza como "é un país precapitalista povoado por traballadores que viven dun mísero xornal". "Sempre en Galiza".

(20).- R. Maiz: "A. Brañas". Ed. Galaxia, páx. 108.

(21).- R. Maiz: "El regionalismo", páx. 84.

(22).- R. Maiz: "A. Brañas". páx. 170.

(23).- V. Risco "Nacionalismo Galego". Obras Completas. Akal. Páx. 261.

(24).- Risco, V.

(25).- Tampouco topamos mellores plantexamentos no periódico ANT antes de 1936.

(26).- Pérez Carballo, C.: "Reflexións sobre das xornadas feministas", en Cartas ao Director. ANT, núm. 258. 22-11-1984.

(27).- "Non nos deixemos enganar por alternativas aparentemente revolucionarias, caíndo na trampa que o capitalismo nos tende, introducindo alternativas feministas que o úneco que veñen facer é perpetuar a nosa opresión, salvagardar os intereses das clases dominantes, e o que é máis grave, dividir ás clases populares", vid. nota anterior.

Tamén "Cara un feminismo revolucionario" artigo aparecido en Buzón do Militante de Terra e Tempo, órgano da UPG núm. 94. Marzo 1985 e firmado por Mulleres Nacionalistas Galegas: "Así pois, facer que as mulleres loitemos contra os homes para arrincar-lles esas parcelas de privilexios domésticos, para lograr o noso acceso aos medios de produción e para abranguer a nosa emancipación, non só non é político nen progresista, senon que o úneco que fai é deixarnos ser ferramenta do poder para dividir ás clases populares, autodestruírnos a nós mesmos/as, eso si, deixar ao auténtico culpábel, ao auténtico nemigo da nosa opresión, libre e absolto de toda culpa e responsabilidade".

(28) Otero, E. : "...polo tanto haberá que quebrar á familia como transmisora da ideoloxía dominante, mudar os valores hoxe divididos por sexos e valores da persoa humana..." ANT, num. 263. 14-2-85. Pérez Carballo, C.: "...certo que a nivel individual non só os homes, senon tamen as mulleres, teñen, temos, moito que superar. E a iso estamos, pero afirmo e reafirmo que o nacionalismo nunca tivo unha práctica machista". ANT, num. 261. 17-1-85.

(29) Referimo-nos á construción histórica e social do masculino e feminino. ■

"AVANZAR NA SOCIEDADE, IGUALDADE LABORAL"

Secretaria da Muller da INTG.- FERROL

No ano 1982 danse os primeiros pasos para constituir as Secretarías da Muller da INTG, propiciadas por un grupo de mulleres militantes activas tanto no campo sindical como feminista. Os primeiros núcleos en constituirse foron Vigo, Coruña e Ferrol.

Ao longo destes 8 anos houbo localidades onde se creou a Secretaría, outras quedaron no camiño do intento mais a conciencia feminista medrou entre as mulleres militantes da central así como entre certos sectores de compañeiros. Desde un principio con moitas dúbidas e problemas (para todas era a 1ª experiencia en este tipo de traballo) tiñamos claro que debiamos dirixir o noso esforzo hacia dúas direccións.

- Traballo interno dentro da central
- Traballo cara ao exterior.

Eramos conscientes da nosa inexperiencia e de falla de conciencia feminista entre a maioría das militantes, moitas das cales sin embargo, eran cadros sindicais de prestixio no sector onde traballaban, respetadas tanto por compañeiras de traballo como por compañeiros. Por este motivo o traballo interno dentro da Central parecíanos tan importante como o que teriamos que levar a cabo cara ao exterior. Sabiamos desde un principio que a loita polos nosos dereitos dentro do mundo laboral sería un fracaso se as mulleres que militabamos dentro da Central non asumiamos a nosa problemática específica e non sabemos trasladarlle esta inquietude aos nosos compañeiros militantes.

Por este motivo comezamos a nosa andadura con debates internos dentro da

Secretaría e levando ás campañas da central as nosas reivindicacións específicas. Así tanto o "1º de Maio" como o "10 de marzo" a Secretaría da Muller comezou a sacar a súa propia pancarta á vez que a central comezou a asumir a data do "8 de marzo".

Comezouse a analizar con sentido crítico a linguaxe utilizada polas persoas representantes da Central, tanto nos comunicados como nas intervencións públicas, tema que continúa a ser un cabalo de batalla en moitas localidades.

Se o traballo interno dentro da central non nos resultou fácil, sobre todo porque as mulleres organizadas dentro das Secretarías estabamos tamén traballando a outros niveis, e a xa apuntada falla de experiencia neste tipo de traballo, hai

Moitas veces tivemos que renunciar a facer denuncias públicas por opoñerse a interesada, principalmente en casos de acoso sexual do patrón ou despido por non aceder a traballadora á chantaxe sexual.

Ainda así, tanto a nivel local como nacional puxemos sempre todos os medios para dar unha resposta adecuada á problemática da muller no mundo laboral, así como para levar a cabo un traballo de investigación sobre a discriminación existente nas empresas onde tiñamos militancia, tanto na pública como na privada.

Un reflexo deste traballo é o voceiro da Secretaría da Muller "ABRENTE" que editamos a nivel nacional desde o ano 1986 e que número a número foi recollendo un



que dicir que cara ao exterior tivemos máis dificultades principalmente nesta localidade, pois noutras xa desde un principio quizás debido a que a súa militancia feminina estaba introducida en sectores máis variados que a nosa.

amplio abanico de denuncias, reivindicacións, entrevistas, campañas, etc. etc.

Así, en Marzo do 86 na súa editorial, e referíndose á economía sumerxida, decía entre outras cousas "engloba os sectores

de produción que non están suficientemente adecuados a nivel legal, e que sen embargo participan da economía vixente na actualidade, sectores como o textil tan de moda na nosa Nación e un claro exemplo do que é a economía sumerxida, outros; traballadoras do fogar, peluqueras, guarderías, despachos de profesionais (médicos, avogados, arquitectos... etc.).

Estes empregos son os máis fáciles de atopar, consiguense en base a que esté máis disposta a face-lo máis barato e con máis rendimento... Algúns destes sectores posteriormente foron obxecto de campañas propias de denuncia. A situación é a mesma de hoxe pero pensamos que axudou a medrar a conciencia.

Ao longo destes 8 anos, aprendimos máis dos erros que dos acertos, temos xa algunha experiencia, algúns resultados positivos e desde logo máis ilusión se cabe que ao principio, sobre todo porque cada vez, máis compañeiras ven a necesidade de traballar dentro das Secretarías da Muller. ■

...E TAMÉN NO TRABALLO

**Secretaría da Muller do S.N. de CC.OO.
de Santiago.**

Cando falamos das condicións de traballo das mulleres esquencemo-nos moitas veces das trabas coas que nos atopamos non só cando estamos traballando senón, o que é máis grave, antes de conquistar o traballo.

Imos buscar traballo: lémos os anuncios dos xornais, imos ao INEM, preguntamos á xente coñecida... en calquera das fontes as posibilidades son moi limitadas, pero aínda así supoñamos que hai algún posto que se oferta ao que podemos optar.


Case por norma e ás veces como o único xeito de valorar a nosa capacidade

para o posto de traballo hai que pasar unha entrevista que debendo ser profesional, cando é unha muller a entrevistada, converte-se en persoal, sobre a nosa vida privada e incluso sobre a nosa vida íntima: ¿estas casada?, ¿tes fillos ou pensas te-los?, tes noivo?, ¿tes alguén ao teu cargo?... chegando incluso a obrigarte ao compromiso de non ter fillos durante un tempo se deciden que é apta para ese posto. En cambio, para o home que opta a ese mesmo traballo, a entrevista centra-se sobre cuestións de aptitudes profesionais.

Estas entrevistas non só ocorren na empresa privada, tamén se dan na empresa pública.

Supoñamos que xa temos posto de traballo, entón estamos todos os días vendo situacións como: acosos sexuais dos xefes e incluso dos mesmos compañeiros, problemas de saúde laboral que non recolle a nosa problemática e as nosas necesidades, discriminación salarial (por exemplo na Consellería de Agricultura, compañeiras de Extensión Agraria levan moito tempo con un problema de salários máis baixos que os compañeiros da mesma categoría laboral), discriminación á hora da promoción, etc.

Aínda que na Constitución e noutras lexislacións laborais se recolle o principio de non discriminación por razón de sexo, vemos como o feito de ser muller fai que aos problemas laborais que xurden a cotío se plantexan outros polo simple feito de ser mulleres e que fan necesaria unha dobre actuación no mundo das relacións laborais. Por iso as mulleres dos sindicatos de clase como o de CC.OO. fai-se-nos necesario potenciar e participar nas Secretarías da Muller. ■



A MULLER LABREGA

María Lidia Senra

Secretaría Portavoz do SINDICATO

LABREGO GALEGO-COMISIONS LABREGAS.

A muller labrega desenvolve un traballo na explotación que contribúe á economía familiar na mesma medida que o traballo de calquera outro membro da mesma, pero ademais de todo isto, a labrega exerce habitualmente de educadora dos fillos, enfermeira, coidadora dos vellos, costureira, cociñeira, limpiadora, planchadora, conserveira, etc, etc. motivo polo cal non ten horario nin descanso.

Se ben é certo que, xeralmente, a opinión da muller labrega conta como a de calquera outro membro da familia á hora de tomar decisións, non é menos certo que é o home o que asume os papeis importantes na sociedade, e que a participación da labrega é casi nula na vida social, profesional, sindical e política. As labregas nunca poden asistir a cursos ou viaxes de formación agrária; non asisten a reunións, a manifestacións, non se afilian ao Sindicato, non están presentes nos concellos, non teñen momentos de ocio... Elas sempre quedan para atender da casa.

No campo non existe o libre dereito da muller á maternidade, xa que se carece de algo tan fundamental como información sobre planificación familiar, anticoncepción, etc. Isto provoca que se sigan dando embarazos non desexados. E se falamos das nais solteiras, tanto que o fillo/a sexan desexados ou non, atopámonos cunha barreira de incompreensión e rexeitamento tanto por parte da familia como da sociedade, e obríga-se-lle a pagar por iso o resto da súa vida.

Se falamos das enfermidades propias da muller, podemos dicir que no



campo, chega-se a situacións límite que se houbera información e atención sanitarias poderían-se evitar.

En canto ao recoñecemento dos dereitos xa conseguidos a nivel xeral, podemos dicir que no agro son inaplicábeis: Nos procesos electorais á Cámaras Agrarias, exíxese para poder eleger ou ser eleixidas a cotización á Seguridade Social Agraria, e como na maioría das explotacións as condicións económicas non permiten que coticen os dous, é a muller a que non cotiza; polo tanto quéda-se a muller sen poder exercer ese dereito. É dicir, na práctica somos traballadoras agrarias, pero oficialmente somos "axuda familiar". Neste terreno poderíamos seguir falando longo e tendido e ver como o divórcio é algo tamén practicamente inaplicábel e así moitos outros dereitos.

Pero a pesares de todo esta situación e a pesares de todos os recoñecimentos da igualdade entre o home e a muller, as labregas seguimos sendo as grandes esquecidas, tanto dos gobernos como da sociedade en xeral. Efectivamente, por parte das Administracións non hai nen unha só medida encamiñada a resolver a situación das labregas, e por parte das

organizacións, salvo raras excepcións, tampouco hai sensibilidade por esta problemática. E desgraciadamente, a formación e información que recibimos as labregas segue tendendo a perpetuar esta situación.

Neste contexto, para as mulleres do Sindicato Labrego Galego, fai-se imprescindible continuar o debate dentro do Sindicato e da sociedade rural en particular, así como dentro da sociedade galega en xeral para conseguir a participación da labrega galega en todos os campos onde está presente, e que pasará pola incorporación do home nas responsabilidades do fogar, e polo compromiso das Administracións a quen lle corresponda para garantir de maneira inmediata os seguintes mínimos:

- 1.- Todo tipo de formación e información: profesional, prevención de enfermidades, planificación e anticoncepción, etc.
- 2.- Os medios necesarios para garantir a aplicabilidade dos nosos dereitos.
- 3.- O noso recoñecemento como traballadoras agrarias.
- 4.- Un ensino e unha formación que non faga discriminación por razóns de sexo.

Galicia, febreiro de 1990

ESTA É A IGUALDADE

Alba e Sonia do

Comité Aberto de Facultade de Filosofía
e Ciencias da Educación
(Universidade de Santiago)

FEMINISMO


CRUCIGRAMA DA IGUALDADE:

HORIZONTALS

1. Persoa igual ao home.
2. Acto que segundo algúns xuíces pódese cometer contra mulleres de "vida licenciosa" ou minisalla.
3. Movemento de loita pola igualdade.
4. Un bon... o que temos que atopar, seica, antes de rematar a carreira.
5. Tíduo obtido tras unha longa carreira imposta.
6. Dise de pertencentes ao... (3. Horizontal).

VERTICAIS

1. Cárcere especialmente ideada para mulleres.
2. O que hai.
3. O que algúns cren que poden meter ás mulleres cando lles peta.
4. Hai coellas que teñen unha numerosa... ¡Anticoncepción!
5. O que fai o goberno por remediar esta situación.



— Xa na casa desde pequenas edúcase-nos dun xeito distinto que os nenos; cociñas, monecas..., preparánnos para o futuro.

— Cando medramos, os nosos irmáns seguen sen pegar golpe na casa, eles, ademais poden sair e entrar cando lles peta; mentras nós barremos, fregamos, cociñamos... e somos sometidas a un interrogatorio por chegar ás 10,30.

— Na rua obrígan-nos a camiñar con medo e inseguridade (Nena de 12 anos violada e asasinada en Vigo ás dúas da tarde). Os piropos teñen que parecernos agasallos e os manoseos normais porque os provocamos.

— Nos centros de estudo seguemos a estar constantemente sometidas a chantaxes e acosos por parte de profesores e compañeiros. O 52% do estudiantado universitario (que somos mulleres) non atopamos a nosa "Historia" nos libros de texto. A meriande parte das licenciadas rematan como amas de casa.

— Para buscar traballos estamos relegadas a un plano de: Chachas, secretarías, camareiras, dependentas... Teñamos título ou non son eles os que seguen a ocupar o poder político e económico: gobernantes, deputados, banqueiros, executivos....

— Ante a lei, mentras os violadores son postos en liberdade as mulleres somos detidas por protestar fronte á violencia machista. Ou atopamos con xuíces que opinan que unha muller só pola noite está "en disposición de ser usada sexualmente".

Se aínda non sabes as solucións velai están:

H: 1. Muller, 2. Violación, 3. Feminismo, 4. Partido, 5. Mamá, 6. Tola.

V: 1. Fogar, 2. Machismo, 3. Man, 4. Prole, 5. Nada

"MULLER GALEGA"... NON HAI

Nanina Santos C.

Introdución

A realidade das mulleres galegas é plural e diversa.

Mulleres galegas son as campesiñas autónomas e as amas de casa urbanas, as estudantes e as empregadas de comercio, as paradas e as contratadas temporalmente nunha fábrica de conserva, as funcionárias do Estado e da Xunta e aquelas outras que fan traballo submerxido...

Vivindo unhas no rural e nas vilas e cidades outras. De familias pobres, medias ou ricas. Con estudos ou sen eles. Casadas ou solteiras. Con ideas e prácticas relixiosas ou con tendencias agnósticas ou ateas. Sen fillos ou con eles. De hábitos e preferencias sexuais dun tipo ou outro. Con ideas políticas e militancia activa no campo conservador, ou no amplo territorio da esquerda, nacionalistas galegas ou defensoras do nacionalismo español...

As innumerabeis posibilidades destas combinacións permiten-nos entrever a grande riqueza e diversidade que conforma ese xenérico de mulleres galegas.

Todas, todas elas conforman unha realidade moi vasta e plural na que o feminismo galego tenta espallar as súas ideas liberadoras.

É obvio que a vida que teñen unhas e outras non é idéntica e mesmo existen distancias de abismo que se ben non exclúe que falemos da súa opresión como mulleres sí que nos obriga a suliñar que esta opresión non é igual para todas e cada unha delas.

Unha importante diversidade...

Galiza como comunidade presenta a

taxa de actividade feminina máis alta do Estado Español, chegando esta a un 40,9 mentres que a comunidade que lle segue, Catalunya, ten unha taxa do 30,3.

Esta forte presenza de mulleres activas repartese moi desigualmente se reparamos na distribuíción nos diferentes sectores económicos e se vemos en que condicións ocupan a produción.

Poboación ocupada e asalariada feminina e taxa de asalarización por Comunidades Autónomas. (En miles e %) Media 1985.

Comunidade Autónoma	Ocupadas	Asalariadas	Tasa de asalariadas
Andalucía	337,0	241,8	71,8
Aragón	82,2	57,9	70,4
Baleares	71,9	51,5	71,6
Canarias	115,7	84,1	72,7
Cantabria	45,9	22,8	49,7
Castilla la Mancha	90,3	58,4	64,7
Castilla-León	164,6	87,9	53,4
Cataluña	524,6	414,4	79,0
Comunidad Valenciana	314,8	229,0	72,7
Extremadura	48,7	29,2	60,0
Galicia	42,2	313,7	28,3
Madrid	411,3	353,9	86,0
Murcia	68,9	49,3	71,6
Navarra	37,5	30,2	80,5
País Vasco	166,0	124,5	75,0
Principado de Asturias	105,3	46,3	43,7
La Rioja	17,1	12,8	74,9
TOTAL	3.004,1	2.008,0	66,8

J. Ignacio Casas. "La participación Laboral de la Mujer en España"

Edita Instituto de la Mujer. Serie Estudios Madrid 1987.

	Agricultura e pesca	Industria	Construcción	Servizos	Total Ocupadas
Povoación Feminina Ocupada	212.200	36.700	900	158.600	408.40
	51,9%	8,9%	0,2%	38,8%	100%
Povoación Feminina Asalariada	2.100	30.900	600	100.500	134.100
	1,5%	23,0%	0,4%	74,9%	100%

		Agrícola e Pesqueiro	Non agrícola	Tota
Povoación Feminina Non Asalariada	Empresárias Autónomas	121.200	43.700	164.900
	Axudas Familiares	89.000	19.800	108.800

Fonte: INE, Enquisa de Povoación Activa, 1987. Média anual.

Povoación feminina ocupada. Comparación Galicia-España 1985

	Galicia	%	España	%
Agrícola-Pesqueiro	242.400	60,3	475.300	15,8
Industria	36.400	9,1	500.000	16,6
Construcción	500	0,1	13.700	0,5
Servizos	123.000	30,6	2.015.100	67,1
Total Ocupadas	402.200	100	3.004.100	100

Fonte INE - EPA e elaboración propia

Destes cadros podemos tirar algúns datos de interese: fronte a esa poboación feminina ocupada de 408.400 mulleres, só 134.100 fan-no en réxime de asalariadas que supón unha taxa de asalarización do 32,8 que é, con muito, a máis baixa das Comunidades Autónomas do Estado Español e mesmo a distribución por sectores denota que concentran sobre todo no sector servizos seguidas a muita distancia pola industria.

- Observase logo que a meirande parte das mulleres galegas que traballan fan-no en réxime de non asalariadas (como empresárias, autónomas ou na modalidade de contratación de "axudas familiares"). As estadísticas, sabemo-lo, non permiten, esmiuzar a complexa realidade que se agacha sobre as cifras. E unha evidencia que no réxime de asalariadas hai mulleres que gañan salários moi altos e mulleres que viven con salários mínimos. Maior complexidade reviste xuntar nunha única rotulación a empresárias e autónomas (unha dona dunha fábrica por exemplo e unha propietaria dunha tenda ou bar; unha campesiña rica en terras, gado, maquinaria agrícola e con asalariados e unha campesiña propietaria dunhas leiras, un par de vacas, algunha ferramenta...), co agravante de que é nesta modalidade e no sector agrícola-pesqueiro onde concentra o groso da poboación feminina ocupada.

Tampouco é de desconsiderar a presenza do réxime "Axudas familiares" que salienta unha nada despreciable economía familiar maioritariamente no campo.

Temos logo que a realidade de boa parte das mulleres galegas ocupadas segue marcada pola explotación familiar agraria, nun complexo mundo rural atrasado (a propia agricultura, a rareza dos servizos de toda clase, a dificultade de mobilidade social), cun baixísimo nivel de organización submetido a toda clase de redes caciquís e cun dominio abraiante da Igrexa Católica.

Un mundo tamén que ten diversidade de expresións ideolóxicas e políticas (que

se pode medir non só ao traveso do voto nas distintas consultas electorais senon tamén nas enquisas de opinión sobre temas como aborto, anticonceptivos, opinión sobre o traballo doméstico e sobre o traballo fóra da casa, etc.


Un mundo que segue dando a maior porcentaxe de emigración, o meirande envellecemento da poboación, a menor taxa de nupcialidade e de natalidade e que convive familiarmente sobre modalidades diversas (familias tradicionais, nucleares e monoparentais dun tipo ou outro).



Un mundo no que as ideas emancipadoras do feminismo cáseque non teñen asomado, ao igual que outras ideoloxías liberadoras.

— Na industria xa constatabamos unha cativa presenza de mulleres. No ano 87 un 8,9% da poboación activa feminina, practicamente a metade da media española (16,6%), e só tres Comunidades Autónomas teñen unha taxa máis baixa de mulleres na industria (Asturias, Canarias e Extremadura).

De 1987 a 1989, as traballadoras da industria (textil e alimentación maiormen-



te) están asistindo a procesos de reconversión industrial que ten significado despidos, indemnizacións pola perda do posto de traballo, o pase á economía submerxida ou precarización do emprego con contratos a tempo parcial.

En Abril do 89 o número de mulleres galegas paradas supera, por primeira vez, aos homes parados (50,5 elas e 49,5 eles) segundo fontes do INEM-paro rexistrado.

Este é un dos graves problemas que afrontan as mulleres que aínda conservan o seus postos de traballo na industria. Nun contexto de crise industrial e paro xeralizado, a vella idea de que os postos de traballo "son dos homes", volta facer a súa aparición.

— O sector servizos ofrece unha presenza feminina de relevo. Un 30,6% da poboación feminina ocupada fai-no na sanidade, hostelería, ensino, limpeza, comercio, gráficas, oficinas e despachos... e con

tendencia ao medre. Sen embargo, neste, Galiza dá a taxa máis baixa de ocupación feminina en servizos. A Comunidade Autónoma cunha porcentaxe máis baixa era, no 1985, Cantabria cun 54,5% o que pode dar idea da grande distancia por non falar da media española do 67,1.

Neste sector, fóra da Administración Pública e maiormente no caso das funcionárias, cometen-se toda clase de atropellos (horarios, salários e condicións nas que se exerce o traballo). Desprotección, incumplimento das propias normativas laborais e, polo mesmo, onde as chantaxes sexuais de parte de xefes e encargados son ben máis abundosas que noutros empregos.

— Feito o acordante da heteroxeneidade de traballos e condición dos mesmos das mulleres ocupadas é obrigado reparar no importante colectivo de mulleres paradas (que perderon os seus empregos ou que demandan emprego por vez primeira).

Mulleres que viven con anguria o presente e máis o futuro, obrigadas a depender economicamente dalgún membro da comunidade familiar o que diminúe notablemente as súas posibilidades de autonomía en todos os ámbitos da vida.

E aínda que Galiza dá a taxa de desemprego feminino máis baixa das Comunidades Autónomas (Ano 1987, Galiza un 13,0%. Media española, 27,8%), non é asunto cativo unha taxa de paro feminino do 13,0.

— Por outra parte, fóra de toda estadística, está esa importantísima porcentaxe de mulleres que traballan exclusivamente no fogar. As amas de casa, nome que mistifica unha realidade de traballo

inegábel. Traballo non valorado socialmente, non submetido a horario nen salario, que contribúe decisivamente á creación e reposición da forza de traballo. Un traballo que excluídas aquelas mulleres que contratan asalariadas para que llo fagan, se desenvolve en medio de relacións

familiares, recuberto polo manto do amor conxugal e/ou filial e que en bastantes ocasións está atravesado de contradicións, tensións e obrigas implícitas.

— Querería falar asomade da prostitución, traballo que exercen un certo número de mulleres e que resultaría do meirande interese para ilustrar esa hipótese da enorme diversidade que conforma a realidade das mulleres galegas. Os pouquísimos datos dos que dispoño —e coído coñecer os que circulan impresos— non permiten ningunha análise rigurosa.

... E unha inxusta desigualdade

Cumpre, amen de suliñar a grande diversidade das mulleres galegas e a singularidade a respecto do Estado Español, analizar, tamén, a desigualdade que no interior da nación galega acontece entre homes e mulleres.

Dous cadros de elaboración propia tirados das fontes do INE-EPA, 1987 (en medias anuais) e Povoación Galega de dereito.

Distribución por sectores e sexo da poboación galega ocupada e asalariada (medias anuais en miles)

	Agríc-Pesc.		Industria		Construc.		Servizos		Total	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
Ocup.	196.900	212.200	111.500	36.700	77.700	900	23.100	158.600	617.200	408.400
Asalal.	45.200	2.100	95.700	30.900	55.500	600	164.200	100.500	360.600	134.100

Distribución por sectores e sexo da poboación non-asalariada (medias anuais).

	Agrícola-pesqueira		Non Agrícola		Total	
	H	M	H	M	H	M
Empresa e Autónomas	115.500	121.200	93.400	43.700	208.900	164.900
Axudas Familiares	40.100	89.000	9.100	19.800	49.200	108.800

Poboación Galega de dereito 2.844.477.

homes: 1.379.249 (48,48%)

mulleres: 1.465.228 (51,51%)

Fonte INE, Padrón Municipal de Habitantes. 1986

As razóns que aducen para traballar paga, tamén, considera-las.

Distribución por sectores e sexo da poboación galega ocupada e asalariada (medias anuais en milés)

Pode observar-se que pesie a ser menos os homes no censo, están ocupados moito máis (44,74% do total de homes fronte a un 27,87% de mulleres ocupadas sobre o total de mulleres do censo).

Ademais, o xeito de se ubicar eles no laboral é unhas cantas migas diferente. A taxa de asalarización neste caso é de 58,42% eles fronte ao xa falado 32,8% delas), concentrando nos seguintes sectores, de máis a menos: Industria (85,8%), Construción (71,4%), Servizos (71,05%) e agrícola-pesqueira(22,95%).



En rexime de "axudas familiares" está contratado un 9,25% fronte ao 20,45% de mulleres da poboación galega ocupada non-asalariada.

Útil sería poder examinar os índices salariais por sexo, carezo de datos, non obstante hai exemplos abondo dos diferentes salários que se perciben en tantos e tantos traballos sexa abertamente sexa mascarado da leria das categorías.

Na fala di-se explicitamente xornal de home e xornal de muller no sector agrícola. Na industria, no sector servizos ou mesmo na Administración poden-se ver exemplos concretos nos números de ANDAINA 12,15 e 16.

Perguntadas 2000 mulleres polo traballo delas e deles, un 36% das do rural



pensa que as faenas que elas desenvolven son máis duras cas deles. Un 44,5% pensa que os homes teñen máis facilidades para acceder ao mundo laboral.

fácil o acceso ao mundo laboral.

Todos estes datos están tomados do Estudo da empresa IOPE-EPMAR encargada pola comisión interdepartamental da Muller da Xunta de Galicia da que daban conta diversos xornais (Voz de Galicia, Correo Gallego, Diario 16 de Galicia) o 25 e 26 de xaneiro de 1990.

O paro que en moitas conciencias segue sendo "cosa de homes", xa vimos denantes que hoxe está afectando máis ás mulleres que aos homes e mesmo cando se fala de reconversión industrial en Galiza, menta-se a reconversión naval (sinaladamente masculina) esquecendo-se cáseque sempre da reconversión textil e a que actualmente se está levando, encuberta, no sector da conserva (feminina tamén).

Ao referirnos ao traballo doméstico, unha recente enquisa daba resultados do seguinte tenor:

Só un 4,5% dos varóns galegos realizan sós os labores caseños (máis que nada cando é o único membro do fogar!) mentres que nun 60,7% dos casos é realizado por mulleres (nun 48,5% a ama de casa en solitario, nun 8,9% compartido cunha empregada e nun 3,3% encomendado exclusivamente a unha empregada).(1)

pasado do 24,47% no ano 75 a un 43,6% no curso 85-86.

Tamén na Universidade, do equilibrio acadado no curso 78-79, no curso 85-86 as mulleres superan nun 12% aos homes.

O fenómeno xeralizado de incorporación masiva das mulleres ao ensino e que pode ser calificado de democrático, contrasta cos desequilibrios que se observan ao reparar nas ramas da FP ou carreiras universitarias que se teñen convertido en "femininas".

Segredariado ou Peluquería na FP ou Traballo Social, Enfermería, Formación do Profesorado de EXB, Filosofía e Ciencias da Educación, Filoloxía, Xeografía, Histó-



As razóns que aducen para traballar paga, tamén, considera-las.

	Necesidade	Completar ingresos	Ter cartos propios	Independizarse
Rural	41,3%	27,6%		
Urbano e semiurbano	32,2%	25%	24%	18%

Das que viven no urbano e semiurbano, o 71% opina que os seus empregos son menos estábeis e están peor remunerados que os deles malia a traballar máis horas.

Un 70% dixeron sufrir rexeitamento laboral por estar casadas e o 71% por ter fillos, e o 56,1% din que elas teñen máis di-

"Desigualdade e segregación"

Non coa negación da Instrución

É preciso, por último, falar das mulleres estudantes. Hoxe son moitísimas máis as mulleres que cursan estudos, mesmo superiores, que no pasado. Na Formación Profesional a presenza de mulleres ten

ria, na Universidade, dan porcentaxes de mulleres entre o 60% a máis baixa (F. do Profesorado de EXB), até o 91,06% a máis alta (Traballo Social).

En troques, outras ramas manteñen unha altísima afiliación masculina: Enxeñería Técnica Industrial e Naval cun 90% longo ou Arquitectura Técnica cun 76,3%

na Universidade e Mecánica e Electrónica na FP.

Este proceso de feminización da Universidade é unha consecuencia do aceso masivo de amplos sectores sociais á mesma. Non obstante á par deste pode constatar-se a progresiva perda de prestíxio social entre sectores aos que a masificación fai-lles perder privilexios de élite cultural e social e o menor valor que hoxe posúen a meirande parte das carreiras e títulos universitarios a respecto dos anos 60 por non falar xa de principios de século.

A desigualdade e a segregación somellarian superadas á vista destes datos, porén constatamos que desigualdade e segregación teñen buscado outros camiños diferentes á mera negación da instrución e cultura á maior parte de mulleres.

Pola súa parte as estudantes en calquera dos ciclos ou nivel de estudos sofren en carne propia o sexismo do sistema escolar e da "ciencia" que, máis groseiro ou sutil vai callando até facer acido o que non é senon opresivo e discriminatório.

Fronte á devandita presenza masiva de mulleres no ensino, segue remanecendo un nada desprezable fol de analfabetismo. Das persoas maiores de 15 anos, o 7,19% son analfabetas e delas, o 77,17 son mulleres.(2)

Estas serían algunhas das liñas mestras que contribúen a configurar esa realidade plural e diversa das mulleres galegas. Diversidade de situacións e condicións, traballos e ocupacións, formación e información, nivel de riqueza, mobilidade social, prestíxio...

Outras luces

Outros datos poden axudar-nos a seguir compondo esa realidade ben completa e, a eito simplificada.


A taxa de nupcialidade ten diminuído na Galiza desde comezos dos 70 até o 84

dun 7 por mil a un 5 por mil e niso inflúen factores diferentes: A emigración, o cambio de hábitos sociais que fixo medrar o número de parellas que non casan, así como a entrada en vigor da Lei de divorcio en 1981 (3)

A súa vegada esta diminución da taxa de nupcialidade incide na baixa da taxa de fecundidade, que na Galiza é de 1,54 (inferior á media española de 1,56). A distribución desta taxa no interior da nación é:

	Galiza	España
Núcleos de poboación inferiores a 10.000	1,50	1,57
Núcleos entre 10.001 e 50.000 habitantes	1,68	1,60
Núcleos urbanos de máis de 50.000 habit.	1,48	1,61
Medias	1,54	1,56

Dados collidos de "La mujer en cifras" do Instituto de la Mujer. Madrid 1986.



Nesta baixa da taxa de fecundidade, fenómeno parello ao que acontece no conxunto do Estado Español aínda que máis denotado, xogan o envellecemento da poboación, o descenso da nupcialidade, a maior incorporación laboral da muller, o medre do coñecemento dos métodos anti-conceptivos e unha maior capacidade para decidir a maternidade.

Resulta, por outra banda, difícil estimar o número de abortos realizados tendo conta que máis do 95% dos mesmos se fan clandestinamente e non hai estadísticas que os recollan globalizados.

Desde Agosto do 85, que entrara en vigor a lei despenalizadora aprobada polo

governo de Madrid, até Agosto do 88 (3 anos), o Movemento Feminista Galego ten atendido 3.285 demandas de interrupción de embarazo.

Segundo os datos da Subdirección Xeral de Información Sanitaria e Epidemioloxía do Ministerio de Sanidade e Consumo, desde Agosto do 85 até o 26 de Marzo do 87, realizáronse en Galiza 60 abortos legais.

As Memorias dos Centros de Orientación Familiar de Ferrol e Santiago (INSALUD) e a Coruña (Municipal e INSALUD) do ano 1988, foron atendidas 445 mulleres embarazadas das que só 6 levaron o embarazo a termo. 5 abortaron espontaneamente e as 434 restantes interrompiron voluntariamente o seu embarazo.

Destes 434 abortos, poideron acobillarse á lei nos supostos despenalizados o 4,45% mentres o 95,54% restante fixo-o de xeito clandestino.

A maior presenza de mulleres en postos públicos e nalgúns cargos de responsabilidade é outro dos indicadores desa realidade que en tantísimas cousas en pouco se asomella á de hai 10 anos.

No mundo da política, espazo requintado de presenza masculina, a maior incorporación de mulleres, tamén se ten feito notar.

No Parlamento Autónomo de 1986, unha só muller de 71 deputados daba a

porcentaxe máis baixa (1,41%) das Comunidades Autónomas). Para as eleccións Autonómicas de Decembro de 1989, de 1.360 candidatos, 313 eran mulleres (23,0%) e do recén constituído Parlamento Autonómico 9 mulleres dos 75 deputados fan subir a representación feminina até un 12%.

O comun "Ser Muller" tamén é diferente

Todo este debuxo que veño de facer pon ás claras que á hora de falar da opresión da muller e, en particular da que sofren as galegas, resulta dificilmente sustentábel afirmar que é unha e igual para todas.

É certo que, por nacer fémias da especie humana se nos quere encarrear até converter-nos en "mulleres", e polo mesmo, en encargadas do traballo doméstico e o coidado do núcleo familiar. Socializa-se-nos desde os primeiros niveis do aparato escolar e a familia na chamada "psicología feminina" (tenras, inseguras, dondas, submisas, sensíbeis aos sufrimentos do entorno, sensuais e pouco sexuais...) como contrapartida da "psicología masculina" na que se socializa aos varóns (rexos, arrichados, sensíbeis ao social e político, activos e sexuais...).

Di-se-nos que a maternidade é o máis doado que podemos facer na vida ao traveso de centos de mecanismos mesmo inconscientes.

Predomina a idea e a práctica de que os traballos profesionais, oficios e estudos das mulleres son algo secundario. Condease-nos aos traballos subalternos, ao cobro, en tantas ocasións de salários inferiores que os dos homes por idénticos traballos e seguen sendo maioritarias as relacións entre os sexos dominadas pola preponderancia, a prepotencia e primoxenitura dos homes fronte ao papel subalterno e secundario das mulleres.

Expresións desencarnadas desta prepotencia viril con desprezo cara á muller é todo o capítulo de maus tratos do-

mésticos, de agresións sexuais e das chantaxes e acosos sexuais no traballo.

En moitas máis ocasións das que o conxunto social pensa dan-se dentro do matrimonio maus tratos do marido á muller.

Os únicos datos coñecidos nesta materia son as denuncias apresentadas nas comisarías de policía e cuartelillos da garda civil.

Un total de 570 mulleres galegas presentaron denuncias por maus tratos físicos e psíquicos e 319 fixeron-no entre os meses de Marzo e Agosto de 1989, moi desigualmente repartidos por provincias.

Estudiosas do tema estiman que é dos delitos menos denunciados e as razóns que se aprecian para isto son varias: medo, non ter saída, seguir pensando que é o "natural", a valoración social do entorno familiar e social.

Das agresións sexuais e sinaladamente a violación, máxima expresión de desprezo a muller, os datos tampouco permiten facer máis que conxecturas. Non se denuncian nen o 10% dos que acontecen nas estimacións máis optimistas (o 4% nas

máis pesimistas). "Que a muller provoca", "que ela o buscou", "que algo faría", "que se estivera na casa"... segue pesando como unha lousa sobre o corpo social.

Neste sombrizo mundo están tamén as chantaxes e os acosos sexuais no mundo laboral.

No medio urbano e semi-urbano un 49,4% das mulleres enquisadas sofreu chantaxe sexual (de parte de xefes e encargados) e un 36,8% acoso sexual de parte de compañeiros de traballo segundo estudo da empresa IOP-EPMAR citado na nota 3.

Todo isto conforma unha realidade de opresión innegábel porén non se axustaría en absoluto á realidade dicir que o xeito de vivir, gozar e sufrir o "ser muller" na Galiza de hoxe, sexa igual, nen parecido, nen sequera somellante para todas as mulleres.

Mesmo no caso da violación ou de calquera caste de agresión sexual, non todas as mulleres temos idénticas posibilidades de sofre-la. Unha muller que ten hábitos de vida moi libres, que vai de aquí para alá, só, que plantexa con certa soltura as suas



demandas sexuais, que frecuenta establecimentos nocturnos, ... ten, disgraciadamente, máis boletos, máis posibilidades, de sofrer agresións sexuais que aquela outra que cáseque non sae da casa se non é para ir ao mercado ou ao colexio ou á parada do bus a levar-recolle aos fillos, por só poñer un exemplo.

Non é somellante tampouco o "ser muller" para unha señora casada e nai de 3 fillos, que amén de traballar fóra da casa ten, cando chega, que realizar en solitario todo o traballo doméstico porque o seu home pensa que as cousas son así, que outra señora en estado de solteiría, sen fillos, que traballa fóra e pode adicar-se a actividades profesionais e asociativas porque ten moi simplificadas as tarefas caseñas.

Non é idéntico ter unha preferéncia sexual lesbiana, má vista socialmente por moi ben que a unha lle valla na cama, que, que o teu desexo sexual se oriente predominantemente a persoas do outro sexo anque na cama unhas veces vaia ben e outras menos ben.

Afirmar nestas alturas que a todas as mulleres se nos esmaga na sexualidade, obrga-se-nos á maternidade, a realizar un duro e negro traballo doméstico, que ademais todos os homes son uns agresores e todos sen excepción, mesmo collendo matices, teñen contínuas manifestacións de desprezo cara ás mulleres, é pouco máis que unha descripción de novela negra.

Debuxar asomade, a opresión da muller como non se sabe que esencia que vén desde a noite dos tempos e remanece inalterábel no fundamental co paso da historia, é negar cambios sustantivos que a humanidade ten conquistado — e con ela as mulleres — e do que non son alleos as ideoloxías emancipatorias das que tamén forma parte o Feminismo (desde que votara a andar de xeito organizado na segunda metade do século XIX), nen, por suposto, os movementos de loita social e políticos de fasquia progresista e revolucionaria.

Debuxar a realidade da opresión da muller como esencial e ahistórica é un xeito de negar os indudábeis efectos emancipatorios que, a pequena ou grande escala, ten feito o feminismo organizado na nosa nación. Desde logo ninguén que non tivera má intención podería negar que desde 1976 que nacera en Galiza a primeira asociación cabalmente feminista, — AGM— a conciencia sobre a opresión da muller ten medrado, como teñen medrado os núcleos organizados de mulleres para bater nela, como ten mudado a actitude de moitas mulleres a respecto da posición e o papel a xogar na vida en todos os eidos, como ten variado, notabelmente, a sensibilidade das organizacións máis activas, de igual modo que ten habido cambios nas relacións entre os sexos.

Seguer describando a vida das mu-



lles marcada e determinada polo intransformábel machismo e misoxinia dos galegos ten, ademais, o terríbel efecto de non permitir a moitas mulleres identificarse co discurso de quen o pronuncia.

A realidade da opresión das mulleres galegas é de certo ben complexa e nada

axuda, trínxila con trazos máis negros dos que ela propia ten, nen xeralízala de igual modo para todas.

Non axuda máis que nada a aquelas mulleres comprometidas na transformación da realidade galega, porque é difícil transformar unha realidade que non existe, que só está nalgúñas cabezas pero non na vida.

A vida das mulleres, as súas ideas, xeitos de comportar-se, (como a de todas as xentes) acha-se submetida a cambio e para quen estamos por loitar contra unha sociedade inxusta e opresiva de cabeza a pés como a galega, é máis que preciso facer por coñece-la por poñer os pés na terra loitando contra os preconceitos — propios e alleos— para poder operar sobre ela.

Ese é un bon compromiso coa liberación desta Galiza e coa liberdade das persoas que a habitamos.

(1).- A mostra deste estudo é de 674 enquisas feitas a persoas maiores de 18 anos, residentes en calquera núcleo de poboación non diseminada de Galiza. Cunha marxe de erro do 3,8. Realizada o 31. do X e 2. do XI, por IMO e publicada en "La Voz de Galicia" o domingo 29 de novembro de 1989.

(2).- Os datos utilizados para o ensino están tirados de "A Educación en Galicia. Informe Cero". Instituto de Ciencias de Educación. Universidade de Santiago, 1988.

(3).- Para este tema pode ser útil consultar o artigo de J. Hernandez Borge: "Consideracións sobre a nupcialidade e as fontes estadísticas para o seu estudo", Páx. 193 e ss do libro "Parentesco, Familia y Matrimonio en la Historia de Galicia" de varios autores coordinado por J. C. Bermejo Barrera. Ed. Tórculo. Santiago 1988.■

SOBRE O FEMINISMO LITERARIO DE ROSALIA DE CASTRO

Carmen Blanco

Case ao comenzo da súa vida literaria, Rosalía de Castro pon ao fronte da súa primeira novela, *La hija del mar* (1859) un limiar que ten como obxectivo fundamental defenderse das falsas ideas predominantes na época con respecto ás mulleres de letras. O prólogo evidencia que a nosa autora era consciente da prexuciosa acollida que no mundo literario decimonónico tiñas as creacións literarias femininas.

A peza, como o conxunto dos prólogos rosalianos, desenvolve o tópico da modestia propio do xénero, apoiándose, neste caso, na obrigatoriedade de tal virtude nas mulleres, de maneira que o conxunto adquire un irónico ton "feminino". As palabras da autora así o evidencian:


(...) el objeto de este prólogo es sincerarme de mi atrevimiento al publicar este libro (1).

Mais o tópico da modestia resulta ser auténtico na personalidade de Rosalía e maniféstase no texto que analizamos, non como fórmula obrigada carente de sentido, senón con toda a forza do seu significado:

La vanidad, ese pecado de la mujer, de que ciertamente no está muy exento el hombre, no entra aquí para nada; un libro más en el gran mar de las publicaciones actuales es como una gota de agua en el Océano (pp 12-13).

Estas palabras deixan ben claro o tipo de modestia que caracteriza á autora: a modestia que ven dada pola ausencia absoluta de vaidade, pero non a modestia da hipocresía ou da autonegación cristianda que falaba Nietzsche. De todos xeitos

esta falsa modestia parece estar presente en certos momentos do prólogo, nesa utilización irónica que Rosalía fai da "es-crava" psicoloxía feminina tradicional. Por outra parte, nas verbas finais da citaponse de manifesto a actitude hipercrítica



ca que a autora adoptaba ante o mundo literario, así como a idea da insignificancia dos feitos humanos que lle dicta o seu pesimismo estoicista. Cómpre sinalar ademais a sutil ironía do comenzo do párrafo onde desenvolve o tópico da "vanitas vanitatis" para insistir eufemisticamente na

realidade da vaidade masculina, sen atreverse a negar, aparentemente, o carácter feminino de dito "pecado". Esta sería unha das posibles interpretacións, pois a ambigüidade da frase posibilitaría tamén outra lectura máis crítica, segundo a cal Rosalía poría en evidencia a dobre moral dominante con respecto aos sexos. Neste sentido, a escritora trataría de dicir, con moita finura, que, pois a modestia é imperativo da muller, calquera aceno que dela se aparte sería gravemente considerado, mentres que unha actitude semellante no home sería discupabel ou mesmo ben considerada.

Tal como acabamos de ver, ao longo do limiar a autora xoga coa ironía e a ambigüidade, nun constante ir e vir da subxectividade á obxectividade, da inseguridade e da dúbida á cita de autoridade e á constatación indubitabel. Desta maneira, o que se inicia aparentemente como unha tímida disculpa feminina acaba convertíndose nunha radical reivindicación feminista.

Comenza nun plano subxectivo, dicindo irónicamente que a disculpen por terse atrevido a escribir sendo unha muller:

Antes de escribir la primera página de mi libro, permítase a la mujer disculparse de lo que para muchos será un pecado inmenso e indigno de perdón, una falta que es preciso que se sincere (p. 11).

Non obstante, a continuación, matiza que, en vez de disculparse, podería defenderse ou, polo menos, atenuar a súa "falta", lembrando a personalidades históricas que defenderon a dimensión intelectual da muller. Así, pasa dun plano subxectivo a un plano obxectivo, citando unha

serie de homes e mulleres que protestaron fronte á concepción tradicional da femi- nidade, que pechaba á muller no universo doméstico.

Menciona en primeiro lugar aos homes, cinguíndose tan só a dous representantes da que poderíamos denominar liña profeminina cristiana: o filósofo francés Nicolas de Malebranche e o ensaísta galego da ilustración Benito Jerónimo Feijóo:

Bien pudiera, en verdad, citar aquí al-



Rosalía Castro de Hargreaves

Rosalía dibuxada por BOUCHER

gunos textos de homes célebres que, como el profundo Malebranche y nuestro sabio y venerado Feijóo, sostuvieron que la mujer era apta para el estudio de las ciencias, de las artes y de la literatura (p. 11).

Ambas citas son significativas. A de Malebranche fai fincapé nas relación de Rosalía coa cultura francesa E a de Feijóo insiste no que será unha referencia repetida noutras escritoras galegas, como mostra de recoñecemento ao autor da "Defensa de las mujeres". Moi significativamente, escritoras como Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán ou Victoria Armesto teñen estudiado e homenaxeado a Feijóo atraídas polo seu "profeminismo" (2). E precisamente o primeiro poema feminista que se coñece na literatura galega, "Defensa das mulleres" de Filomena Dato Muruais, foi feito en honor a Feijóo (3).

Céntrase logo no sexo feminino, lembrando a unha serie de mulleres, tanto históricas como contemporáneas súas, entre as que predominan claramente as francesas e entre as que teñen unha significativa presenza as que defenderon, dunha maneira ou doutra, ideas que podemos considerar feministas.

Entre as citadas sobresaen as escritoras, feito que se corresponde coa argumentación en favor do feminismo literario que motiva o prólogo. Así, aparece a novelista francesa George Sand, tantas veces aludida na obra rosaliana. Xunto a ela están tamén a pensadora e estudiosa da literatura Madame de Staël, filla da culta Madame Necker; a escritora mística e reformadora relixiosa española Teresa de Jesús; ou a mítica poeta lírica grega Safo. Hai así mesmo ideólogas e políticas como a revolucionaria francesa Madame Roland, coñecida tamén como Manon Phlipon, á que chamaban "a Exeria dos xirondinos" e tiña escrito que destestaba a sumisión e que non estaba feita para ser dominada; e a ilustrada emperatriz rusa Catalina II a Grande. Aparecen ademais figuras históricas como a mítica heroína francesa Jeanne d'Arc ou unha María Teresa que é de supoñer que sexa, por antonomasia, a emperatriz austro-húngara María Teresa de Habsburgo, representante da Ilustración católica, e non a princesa da Beira María Teresa de Braganza, quen manexou as intrigas do carlismo, acabou casando con don Carlos e era unha referencia constante no momento histórico en que Rosalía escribía. Pero a nosa autora tampouco esquece unha das facetas culturais femininas máis marxinalizadas —xunto coa musical— pola historia: as artes plásticas. Así, cita a unha pintora francesa do momento, Rose-Marie Bonheur, que como George Sand e outras mulleres inconformistas da época adoitaba vestir de home, coincidindo coa reforma "bloomerista" do vestido iniciada pola norteamericana Amelia Jenks Blomer. Mais vexamos as propias verbas de Rosalía:

(...) mujeres como madame Roland,

cuyo genio fomentó y dirigió la Revolución francesa en sus días de gloria; madame de Staël, tan gran política como filósofa y poeta; Rosa Bonheur, la pintora de paisajes sin rival hasta ahora; Jorge Sand, la novelista profunda, la que está llamada a compartir la gloria de Balzac y Walter Scott; Santa Teresa de Jesús, ese espíritu ardiente cuya mirada penetró en los más intrincados laberintos de la teología mística; Safo, Catalina de Rusia, Juana de Arco, María Teresa, y tantas otras cuyo nombre la Historia, no mucho más imparcial que los hombres, registra en sus páginas, (p. 11).

Á fin, tal como se pode observar nas últimas palabras, remata a enumeración cunha alusión crítica á parcialidade da historia, que aínda así rexistra moitas outras mulleres excepcionais porque se enfrentaron coa unidimensionalidade doméstica feminina e, apartándose da vida tranquila e íntima do fogar, misturáronse na voráxine da vida pública. Desta maneira, o párrafo acaba coa clara e obxectiva constatación reivindicativa destas mulleres que:

protestaron eternamente contra la vulgar idea de que la mujer solo sirve para las labores domésticas, y que aquella que, obedeciendo tal vez a una fuerza irresistible, se aparta de esa vida pacífica y se lanza a las revueltas ondas de los tumultos del mundo, era una mujer digna de la execración general (pp. 11-12).

Neste punto, o discurso obxectivo vese roto por un cambio de ton que se resolve nun corto párrafo dunha liña e media na que a subxectividade rosaliana aflora con toda a súa inseguridade e as súas dúbidas cuestionando as contundentes afirmacións anteriores. Despois da clara reivindicación contida nas palabras antes transcritas, inserta con punto e aparte as seguintes:

No quiero decir que no, porque quizá la que esto escribe es de la misma opinión. (p.12).

A carga de ambigüidade da frase é total, tanto na súa forma como no seu con-

ido. Dita ambigüidade exprésase a través dunhas fórmulas lingüísticas e estéticas dubitativas e atenuantes, como son a matización mediante o adverbio "quizá" e o emprego da figura retórica eufemística denominada litotes: "no quiero decir que no".

Este carácter dubitativo e atenuante da forma semella estar en correlación coa dúbida e inseguridade psicolóxica de quen a utiliza, tal como se manifesta analizando o seu contido. En efecto, o texto ten dúas ou tres interpretacións posibles de signo ben distinto: unhas feministas e outras antifeministas. Se interpretamos o conxunto de maneira literal observamos que é posible ver nestas palabras unha afirmación —iso si, atenuada e dubitativa— das ideas antifeministas que consideran á "muller pública" "digna de la execración general". A colocación das devanditas verbas despois do párrafo anterior sen ningunha outra explicación así nolo indica.

Agora ben, tamén sería posible pensar nunha lectura feminista, apoiándonos na puntuación, é dicir, na separación dos dous párrafos por punto e aparte. Isto unido a un suposto descuido de redacción, levaría a considerar o último párrafo como afirmación de todo o anterior e non só da súa parte final. De todos xeitos, resulta evidente o forzado de tal interpretación e, polo tanto, o menor grao de probabilidade que ten de coincidir coa intencionalidade da autora.

Neste sentido, máis próxima á personalidade rosaliana estaría outra posible interpretación baseada á vez na ironía e no valor polisémico das últimas palabras. De maneira especial, "las revueltas ondas de los tumultos del mundo", coas que caracteriza negativamente a vida social, poderían facer referencia á confusión existente na vida pública entre valores reais e contravalores, así como á tiranía dos contravalores sociais. neste mesmo sentido irónico, a muller sería digna de "execración" por abandonar esa certa marxinalidade que lle dá a vida retirada do fogar, para someterse ao absurdo xogo das conven-

cións ou das loitas sociais, nas que, por outra parte, nunca será aceptada plenamente. Segundo esta explicación, a intuición de Rosalía apuntaría aquí un dos problemas que se habería de debatir moito despois no seo do movemento feminista: a cuestión da falsa, aínda que necesaria "liberación" polo traballo.

Mais despois desta ruptura na que aflora a dúbida rosaliana, o discurso volve

ao ton obxectivo e ás constatacións feministas, concluíndo coa apreciación de que ata o momento pouco se avanzou na aceptación e na valoración intelectual da muller:

Pasados aquellos años en que se discutía formalmente si la mujer tenía alma y si podía pensar —¿se escribieron acaso páginas más bellas y profundas, al frente de las obras de Rousseau, que las de la au-



tora de Lelia?—, se nos permite ya optar a la corona de la inmortalidad y se nos hace el regalo de creer que podemos escribir algunos libros, porque hoy, nuevos Lázaros, hemos recogido estas migajas de libertad al pie de la mesa del rico, que se llama siglo XIX. (p. 12).

A alusión á vella polémica misóxina do cristianismo sobre a presenza ou a ausencia de alma na muller, así como ás teorías idílico-tradicionais sobre a muller-natureza do pensador Jean-Jacques Rousseau, contrapóñense á defensa da dimensión intelectual feminina da súa admirada George Sand, contribuíndo —sobre todo o carácter trasnoitado da primeira— a invalidar a actual polémica sobre as literatas, que, por outra parte, motiva o prólogo.

O párrafo remata cunha referencia ao espellismo de liberdade feminina que trouxo o cambio vital do século XIX. Rosalía constata que escribir xa era posíbel e proba disto é a presenza significativa de autoras nese momento, aínda que moitas delas se acochaban baixo o pseudónimo ou o traxe masculinos. Mais constata tamén que as mulleres escritoras non eran aceptadas con normalidade nen polo conxunto-social en xeral, nen polo mundo literario en concreto.

A continuación volve de cheo ao plano subxectivo e persoal aclarando aquilo no que tantas veces insistirá: o carácter íntimo e necesario da súa creación e o receo con respecto á publicación:

Yo pudiera muy bien decir aquí cuál fue el móvil que me obligó a publicar versos condenados desde el momento de nacer a la oscuridad a que voluntariamente los condenaba la persona que solo los escribía para aliviar sus penas reales o imaginarias, pero no para que sobre ellos cayese la mirada de otro que no fuese su autora. (p. 12).

Non explica cal foi esa causa —ao parecer externa— que a levou a publicar por primeira vez, pero, xogando de novo coa ironía, pasa a xustificar a aparición do

libro que prologa coas seguintes palabras:

Dado el primer paso, los demás son hijos de él, porque esta senda de perdición se recorre muy pronto. (p. 12).

Resulta evidente o dobre sentido desa "senda de perdición" que está en consonancia con aquela "execración xeral" da que falamos antes e que xoga coa mesma ambigüidade presente no termo "muller pública". Resulta moi significativa a insistencia de Rosalía na imaxe que iguala, no caso da muller, facer carreira literaria con "facer a carreira". Dita imaxe ten unha fonda xustificación dentro do noso contexto cultural, e, de feito, Virginia Woolf ten explicado racionalmente esta intuición rosaliana. A escritora inglesa relaciona o anonimato das mulleres coa castidade, dándolle así unha explicación psicolóxica a este feito particular da historia literaria feminina. En Unha habitación propia di o seguinte:

Un residuo do sentido de castidade é o que dictou a anonimidade ás mulleres ata data moi serodia do século dazanove. Currer Bell, George Eliot, George Sand, vítimas todas elas dunha loita interior como revelan os seus escritos, trataron sen éxito de velar a súa identidade tras un nome masculino (4).

Rosalía continúa logo co motivo, que será recorrente nela, da modestia e da ausencia de pretensións, explicando que o relato foi concebido en un momento de tristeza e escrito al azar, sin tino y sin pretensiones de ninguna clase. (p. 13).

Ao final, o texto volve ao plano obxectivo, facendo primeiro dunha exhortación ao lector para que esqueza o sexo da autora. Dita exhortación non é máis que unha esixencia, aínda que non directa nen explícita, dun trato igualitario para escritora e escritor:

El que tenga paciencia para llegar hasta el fin (...) olvide, entre otras cosas, que su autor es una mujer. (p. 13).

Un razoamento semellante fixo a inglesa George Eliot cando tivo que revelar

que o seu pseudónimo non correspondía a un tal Higgins, senón que tras el se agachaba Marian Evans, unha muller:

As finalidades do anonimato débense ao desexo de que a obra sexa xuzgada polos seus propios méritos e sen o prexuício que desvela a obra dunha muller en xeral ou en particular (5).

O prólogo remata cunha rotunda constatación da indixencia feminina, na que se materializa xa sen ambigüidades a reivindicación feminista:

porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben. (p.13).

1.- Rosalía de Castro, Obras completas, vol. 2, Madrid, 1977, p. 12. Todas as citas do prólogo de La hija del mar están tomadas desta edición e no sucesivo aparecerán indicadas colocando a páxina entre paréntese no mesmo texto.

2.- Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán obtiveron o mesmo número de votos no certame ourensano celebrado en homenaxe a Feijóo. Á fin, a Pardo Bazán resultou ser a gañadora co estudio que logo conformaría o seu primeiro libro, Ensayo crítico de las obras del Padre Feijóo (1876). Este ilustrado galego foi en realidade o mestre do feminismo da condesa: a el dedicou a "Oda a Feijóo", ademais de recoñecelo como mentor intelectual ao titular a sua revista mensual Nuevo Teatro Crítico (1891-1893). Victoria Armesto tamén lle dedica unha obra: Dos gallegos, Feijóo y Sarmiento, A Coruña, 1965.

3.- Filomena Dato Muruais, Follatos, Ourense, 1891, pp. 7-22. Este poema foi premiado no certame celebrado en Ourense en honor de Feijóo o día 10 de setembro de 1887 e, precisamente, era condición para optar ao premio que o tema fose a defensa das mulleres feita polo beneditino.

4.- Virginia Woolf, Una habitación propia, Barcelona, 1980, p. 71.

5.- Nicole Bothorel e outros, "La mujer en el siglo XIX", Historia mundial de la mujer, vol. 4, Barcelona, 1973, p. 168.■

MARÍA DO CARME KRUCKENBERG: Ferida de amor estaba

M.ª del Carmen Kruckenberg Sanxurxo

Teresa Navaza

Batín a porta
unha e outra vez con insistenza
e ninguén contestóu.
Funme perto da chanela escura
turrei por ela
e ninguén me falou.
¿Quén está tras a noite?
¿Quén me pode escoitar os anceios?
Eu batín, batín forte
pra coñecer onde está o vacío,
pra saber si as esperanzas
son ilusións esquecidas
ou lostregos desfollados
pola choiva.
¿Quén é o que pode
levarme da man coma un neno
polas corredeiras do destiño?
¡Falarme somas
que me envolven, cega,
falarme a modo
e arroularme a ialma!
(M.C.K.)

Neste poema pertencente "A sombra ergueita", Vigo (1976) que M.C. Kruckenberg considera o seu mellor libro en lingua galega, e que nos pensamos é un dos máis valentes e fermosos da autora, racha coa súa timidez anterior e amosa a soidade e a anguria cun fondo lirismo non afastado de vinvencias radicais. neste libro M.C.K. están os dores da sua vida, expresados como dí Alonso Montero "cunha temperatura estética non atinxida anteriormente"

Un día pasóu un neno
levando antros labres
un ronsel de axouxeres,
e ninguén o escoitóu.

a sombra ergueita



1976

Outro día pasou un home
coa lua ao lombo
pra sementala no peito,
e ninguén lle falou.
No outro día pasóu un vello
malferido de anguria
e mollado de noxo,
e ninguén o miróu.
... E onte, unha muller
orballaba de medo
pasóu correndo
sin voltar a faciana, berrando,
espantada pola morte,
e ninguén a choróu.

Nos poemas deste libro aparecen "os outros" nun mundo que non é xusto, nun mundo que non lle gusta:

Marchan caladamente
vânse
deixando a chuvia
escorrendo
polos ollos da terra.
Fuxen
sin voltar a faciana
porque non queren mirar
os campos
orfos de semente.
Vânse traballar
a vida
pra non morrer
sin cadaleito
cando desfollen a miseria.
Marchan todos
pra gañar o dereito
de acochar o corazón
e o bico
nun leito de rosas.

Este poema, por certo, incluíno M.C.K. na oferta dos poetas galegos a Palestina -Intifada- publicado a finais do pasado ano.

O existencialismo da poeta que a implica totalmente na expresión da rebeldía social queda nitidamente reflexado neste outro poema:

Vou en contra de todo, coma o vento de todo o que me doi e me latea como unha pomba morta ou mal ferida. Ando sin presas, pero despoboadada non encontrar acougo neste leito onde botóume o amor, sin eu quere-lo. Vou en contra de aquiles que fixeron do diario dormir unha costume e son capaces de matar a pedra.

Coma o vento que empuxa e se rebule, e volve a rebulirse eternamente, son rebelde e non podo conformarme cunha esmola de toxos antros dedos.

A poeta ama a paz e a liberdade, síntese solidaria con outros, na esperanza "dunha bandeira nova" como escribiu X.L. Méndez Ferrín. Na súa voz respírase confianza e seguridade, "razón ceibe":

Moitos pechan os ollos,
e pechan o corazón sin chave,
e déixanse nacer cada mañán
sin medo aos que defenden
un curruncho de terra
onde deitar os soños.
Moitos tápense os ouvidos
pra non escoitar os prantos dos homes,
mentras as bombas
van destruindo os berros
das ialmas lastimeiras.
Moitos, con latexos choutándolles decote,
comenzan pola noite
a sachar os camiños,
ermos prados de ósos, sementes do an-
ceio.
Moitos, cunha pinga de amor,
agardan alboradas de ledicia
como azas de chuiva estrelecida.
Son moitos os que forxan

unha bandeira nova
pra morder por ela.

M.C. Kruckenberg naceu en Vigo onde reside desde 1955. Fillá de nai galega e pai mexicano de orixe alemá [que pesie a terse afiliado a Falanxe Española en 1932] educaronna nunha atmósfera de sensibilidade. Diciame M.C.K. non ahi moito tempo nun magazine da TVE-G, que na súa casa as diferentes actitudes sempre atopaban comprensión se eran auténticas. Do seu pai herda tamén o amor polo debuxo e a pintura. El Gustavo Kruckenberg era un bo coleccionista de arte. En Vigo M.C.K. escomenza o bacharelato alemán sen rematalo o que non é obstáculo para que fale varios idiomas, posúa unha vastísima cultura... Compón versos desde os 14 anos. A lectura foi sempre a súa grande paixón: Antonio Machado, Rilke, Bandelaire e Rosalía de Castro que ós 18 anos sabía de memoria

Hoxe pasei por Padrón,
hoxe vin a Rosalía.

Estaba erguida no monte
ollándo pasar a vida
... As anduriñas voando
tráenme cantos dunha amiga...

Cando paso por Padrón,
como unha sombra perdida,
a ialma da súa cantora
vive e latea escondida (Vigo, 1949).

Presenxa outa, Rosalía.
Perto do río, no monte
... na ialma miña.

Na ialma miña
a tua voz doente, e tí...
Lonxe na morte, Rosalía.
(Padrón, 1973).

Agora, moitas veces Rosalía
paso polos teus eidos,
polos teus recordos;
e párome nos nome amigos
dos teus poemas.
Padrón, Lestrove, Laiño, Bastabales...
Nomes que aprendín recitando
os teus cantos,

nomes que teñen sentido pra min
dende sempre.

Mais vivas istas aldeias
que a súa estrutura real,
mais queridas, mais verdadeiras.
Cando sinto repenicar a Campá
de Bastabales
entrame no peito un sonido tremante
da tua voz, chamándome;
dos teus poemas falándome...
Si digo Portomouro, Brandomil, Berta-
miráns,
non latea o espírito do teu mundo,
son nomes sin sentido de eternidade.
Se digo Umia, semente digo un nome...
Se digo Sar, escoito a iauga
escorrendo lizgaira polas eiras
presurora de chegar o mar...
Si, todo ten sentido e nome
cando te soño desperta.
Por iso cando paso por istes pobos,
por istes campos, por istes ceos...
Ti non estás morta. Ti vives pra beleza
dista terra, Rosalía
(Santiago, 1983).

Ninguén recita mellor que ela os seus
e outros poemas. En 1959 editáronse dous
discos, un en galego e outro en castelán
cos seus poemas e a súa voz.

Poemas seus viron a luz en multitudes
de revistas. Salientemos só algunhas delas:
El cobaya (Avila), Alba (Vigo), Papeles
de Son Armadáns (Palma de Mallorca),
Poesía Española e Ágora (Madrid), Olalla
(Mérida), La Nueva España de Oviedo.

M.C.K. é unha excelente traductora
de Rielke e dos "Cantos del Sexto Dalai-
Lama".

Durante 15 anos colaboróu semanal-
mente como articulista no xornal Faro de
Vigo.

M.C. Kruckenberg confesa que coma
lectora debe valiosas e numerosas orien-
tacións á escritora Concha Lagos. Nas
suas viaxes a Montevideo coñece e trata a
Juana de Ibarbourou e a Clara Silva que

con marina Romero [poeta e profesora -a que coñece en EE.UU. en 1954) son moi fructíferas tanto humana como profesionalmente.

Pronto se entusiasma cos poetas do século de Ouro, da xeración do 27. Dos poetas galegos prefere Pondal a Curros e, respecto dos contemporáneos, o preferido é Celso Emilio Ferreiro, ó que tratará máis intensamente na tertulia da taberna viguesa "Alameda"(1945-1949), á que acostuman asistir tamén Eduardo Moreiras, Laxeiro, Emilio e Xosé M^a Alvarez Blázquez, Prego de Oliver... Era tal o seu atractivo, a súa personalidade, a súa precocidade literaria, que suscitou comentarios, inspirou poemas, orixinou cadros (Laxeiro 1946)... Celso Emilio faríalle o prólogo en (1956) para un breve libro en castelán "Los parajes inmóviles". O ano seguinte publica, de novo, en Vigo, "Rumor de tiempo", que Iglesia Alvariño considera

"el libro de versos más sencillamente verdaderos que se publicó en Galicia hace mucho tiempo". Este libro poderíamolo dividir en dúas partes, a primeira unha entrega espiritual ó amor e a segunda, páxinas existenciais cheas de medo e preguntas.

O seu primeiro libro "Cantigas do vento" (1956) fora escrito anos antes e o seu título fora suxerido por Rafael Alberti quen tamén fixo a selección dos poemas "foi como meu pai en América" (sic). O volume conecta algunha vez coa canción do pobo:

De anto quererche, nena,
¿sabes o que me pasou?
Rompéuseme, aí, a camisa
do lado do corazón.

Despois de vivir en Arxentina e Brasil chega a España (1953) e reside tres meses en Madrid onde se relaciona con Vicente Aleixandre, Gerardo Diego e os escritores que facían a revista Garcilaso.

De súpeto, en 1964, aparece un libro



po. e. Kruckenberg

singular entre nós, "Teuromaquia en línea y verso", publicados en Vigo, en una edición de 250 exemplares, contendo debuxos da autora que ilustran un poemario do que Vicente Aleixandre dixo: "Ha hecho ud. algo no frecuente: tratar el tema taurino con personalidad. Difícil es elegir pero a mí este libro es quizá el que más me atrae de los suyos. Acaso por lo que tiene de dificultad y victoria".

Neste mesmo ano sae en Vigo, en edición da autora, como outras veces, "Mem-

oria de mi sueño", poemario no que se asoma a momentos decisivos (non só para ela) como a Guerra Civil, a II Guerra Mundial, o pranto dos nenos que sofren inxusticias... Alvaro Cunqueiro en Faro de Vigo calificouno así: "Un hermoso libro. Para mí el más profundo, el más verdadero y personal de María del Carmen Kruckenberg".

Esta muller que ós 19 anos escribira "Cantigas do vento", libro segundo Ferrín popularista que imita a fórmula da cantiga


popular contemporánea, ten unha extraordinaria facilidade para o que Alonso Montero chama neotrovadorismo, esa corrente poética inspirada, á súa maneira, nos nosos Cancioneiros da Idade Media e que se inaugura, espléndidamente, co volume "Nao Senlleira" de Fermín Bouza-Brey, de 1933, e que M.C.K. arriquece con "Cantigas para un tempo esquecido" no que a autora acolle 12 cantigas de amigo a Ramón G. Sierra do "Pampillón". E neste libro prodúcese, verbo da preceptiva da cantiga medieval, unha inversión literaria: nesta ocasión un poeta muller, non namorada, canta, desde unha moi especial amizade, a un amigo:

¡Ai, amigo!
 Como estrelece a noite
 sobre o Pampillón
 donde tes teu amor escondido.

¡Ai, amigo!
 Como crece o recordo
 sobre o Pampillón
 de tanto amor estrelecido.

¡Ai, amigo!
 Como logo se esquece
 sobre o Pampillón
 o medroso recordo perdido.

¡Ai, amigo!



Rube cantando a costa
 que te leva ao Pampillón,
 porque cando chegues
 encontrarás amor.

Baixa chorando a ladeira
 que te trae do Pampillón,
 voltarás espida e sca
 deixando teu amor.

María do Carme Kruckenberg, forte e por iso tan ferible, tan completa e complexa, iconoclasta, hetedodoxa, defensora a ultranza da paz, defenetradora das inxusticia, tan amante da verdade e do amor:
 Amor, amigo
 Que non fixese eu por ir contigo.
 Amor, Amado. Que non morrera eu ó teu coidado.

Amor, amante
 Que non vivira eu laletaxente
 (Eu por ti)

Meu amor, meu amante, meu amigo.
 Quero compartir contigo o feitozo
 e tremelar polas follas verdecidas
 da túa mirada no rio.

Meu amor, meu amante, meu amigo.
 Quero andar enguedellada no teu fío
 hastra facer un encaixe longo
 pró meu vestido esquecido.

Meu amor, meu amante, meu amigo.
 Quero morrer, como morre un asubío
 no profundo dun corazón
 que marca o tempo do desvío.

Meu amor, meu amante, meu amigo.
 (Amante)

M.^a do Carme Kruckenberg unha voz non descoñecida para os que gostan da poesía, da calidade, do calor humano, da Vida. María do Carme é a voz da vida sentida fondamente. E por ti amamos a vida, a poesía Galicia, o mundo, a beleza.

Por iso e máis, Amámoste, hoxe máis ca nunca nesta sociedade onde o que brilla é a corrupción, a hipocresía e a mediocridade. ■

BIBLIOGRAFIA

Xesús Alonso Montero: Gran Enciclopedia Gallega.

X.L. Méndez Ferrín: De Pondal a Novoneyra.

Festa da Palabra silenciada (n.º 2): A Rosalía.

A MULLER NO TEATRO GALEGO:

Charlando con Dorotea Bárcena

Inma Gigirey

Mentres o teatro galego segue a ter problemas para saír adiante, e sofre a falla de locais cunha infraestrutura que teña en conta as necesidades específicas dunha posta en escea...

Mentres as campañas institucionais seguen a estar mal plantexadas, e con subvencións e gratuidade mal entendidas e que trae como consecuencia que o público, non sempre axeitadamente predisposto para o teatro, non valore o que de traballo ten o teatro, e a súa significación no contexto da cultura dun país; mentras isto segue a ser causa de preocupación, tamén contamos en Galicia con boas expectativas, optimistas para algúns, en canto a relación muller-teatro en Galicia.

Hai en Galicia boas actrices, bos grupos de teatro feitos por mulleres, isto é certo, temos exemplos en "Salmántiga", "Malbarate", "Teatro da Lúa", mais de que serve se os dramaturgos se limitan a escribir papeis fortes, importantes, difíciles, só para persoaxes masculinos?



O teatro en xeral, ten unha maior demanda de papeis femininos que oferta de actrices de alta calidade.

Destaca en Galicia o nome de Dorotea Bárcena, actriz, autora e empresaria do grupo "Teatro na Lúa". A última produción deste grupo: "Sigrid era só unha moneca rota", supón un reto na creación de personalidades femininas que representan en escena a mulleres que poderíamos atopar en calquera punto de Galicia.

Para a súa autora é unha homenaxe a tódalas matriarcas, a todas aquelas mulleres que non fan a historia pero que cada unha delas ten moitas historias vividas. Inda que poida ser un tópico, a realidade galega está chea de loitas, é a muller que traballa, que sofre, que se rompe por dentro, coma unha moneca, mais non cae ao chan, senón que se supera a si mesma e ao entorno social que a desprezia ignorante da súa verdadeira forza.

Calquera de nós, mulleres galegas de hoxe, poderíamos atopar un exemplo deste tipo de muller na nosa propia familia: unha avoa viúva desde moi nova..., unha tía, a nosa nai, e non é tampouco cousa do pasado. De seguro que das súas vidas fariamos un drama con moitos ingredientes: humillacións, soedades, incomunicación.

A incomunicación é en Sigrid...o tema-eixe, mulleres incomunicadas, ignorandas e ignorantes unhas das outras, e enfrentadas por escuros e antigos rencores causados por unha terceira persoa, un home !! non sucede sempre que o amor triunfe por riba das dificultades, neste caso a autora así nolo propón: o triunfo da afectividade e comunicación, porque a muller ha de ser

solidadria coas outras mulleres, ten que rachar cos esquemas masculinos de competencias. Porque se a muller tivese feito unha historia propia, esta non tería sido coma a presente.



Dende esta ideoloxía que a propia Dorotea califica de feminista, tenta reflexa-lo optimismo pola superación, o optimismo da súa mensaxe, esa verdadeira homenaxe á muller galega.

O optimismo dende a negatividade das circunstancias que se sintetizan en cada unha das personaxes tamén se respira en Dorotea Bárcena fóra da escena, na súa confianza en que dentro duns anos a actual situación de autodidactismo e a carencia de tradición escénica en Galicia mellorará, e na confianza en que os dramaturgos comenzarán a crear eses papeis femininos que tantas boas actrices precisan actualmente. ■

SEMPRE XONXA


(De Chano Piñeiro)

Marga Rodríguez (Grupos de Mulleres de Universidade.)

Lembraredes o grandioso evento chamado "Cinegalicia" e o que foi a estrela da programación: a estrea de tres longametraxes feitas en Galiza e por galegos. Celebracións, apoios institucionais e auto-propaganda marcaron o acontecemento; todo saíu moi bonito, aínda que se marmuraba que as producións ao cabo non eran tan boas, cousas da afición de a pé.

Pois ben, daquela presentaron-se "Continental", "Urxa" e "Sempre Xonxa". Parece que Chano Piñeiro non ficou contento e decidiu retocar a película, así a súa estrea comercial foi hai pouco. Parece-me que é a millor das tres con moito. O feito da estrea conxunta e a montaxe fai que sexa imposible non compara-las. Frente a un fallido intento de "modernidade" e unha peza case de ton televisivo "Sempre Xonxa" é "máis película", ten maior entidade cinematográfica, e penso que ten cousas valiosas aínda que non sexa unha película das que fan historia.

O tema é o do cine de sempre: a his-



tória dunhas personaxes e as súas relacións, o contexto, a Galiza "profunda", a da pobreza, a emigración, o traballo na

terra... Penso que Chano Piñeiro elixe un camiño válido: a análise do noso pasado inmediato como xeito de achegamento tamén ao presente. Hai outras vías, algunhas aparentemente máis "modernas", pero a elección está feita.

A narración combina unha certa visión social (as relacións de poder na aldea, o cura, a emigración...) O trasfondo é a vida rural, a festa, a colleita, o muiño, o casamento... O motor da acción son as relacións entre Xonxa e dous homes, o Birutas e o Pancho. Hai outras personaxes, con diferente importancia: o cura, o mestre, o "caladiño". Este serve de contrapunto ao resto e supón un cambio de rexistro narrativo, introduce o fantástico e o humor, alixeira un pouco o ton, máis realista e por veces dramático que predomina na película.


En canto á personaxe de Xonxa, esta é o eixo da historia. Ao longo dos anos Xonxa é unha personaxe forte, ás veces rebelde, iniciadora outras.

O peso da historia e mesmo da imaxe recaen nela. Xonxa enfrenta-se pero tamén ten que calar nunha violación, acata a autoridade do seu home e é o sostén da vida familiar. En fin, nada que se saía das historias de tantas mulleres galegas, pero serve-nos para reflexionar un pouco sobre o papel da muller na historia recente e sobre as relacións entre homes e mulleres. Hai que destacar a actuación de Uxía Blanco entre o millor da película, e o risco que supón apostar por actores non profesionais.

O máis feble penso que é o ritmo da narración, que ás veces se perde un pouco polo cambio de rexistro (do drama ao humor, ou a un certo costumismo en algúns episodios). Ademais hai certos desaxustes no paso do tempo, na ambientación. Pero penso que ao cabo Sempre Xonxa é un filme válido e a aposta máis sincera das tres longametraxes estreadas en "Cinegalicia" ■



RELATO



Laura Quntillan Nuñez

Pois iso, que de súpeto deime de conta de que no piso non quedaba sitio nin para andar, entón o primeiro que fixen foi mercar unhas bolsas desas de plástico negro, para o lixo. Eu coñezome e sei que gardo moita porquería que despois non se usa para nada e anda por aí amoreada e non fai máis que da-la lata.

Ou sexa que nada máis voltar, metíme a remexer e empecei a tirar cousas. Mi madriña, o que habería alí!

Un mundo de periodicos deses que poñen que o país vai ben e que a economía medra. Mirei para un e metinos todos na primeira bolsa.

Despois tirei con tódolos cosméticos, eses que ian facerme irresistible, co cal finalmente ese chico acabaría por fixarse en min, convertíndome nunha muller feliz.

Tamén tirei de contado o boleto para participar no sorteo desa xoia millonaria que sempre din que pode ser a tua e ao final nunca a ves como non sexa na foto. E maila dieta que ía facerme baixar eses quilos que segundo di o folleto correspondente, estan a sobrarme. Pon que me sobran quilos e o individuo non me coñece nin de oídas, veña!. Ten narices a cuestión.

De inmediato, foron parar á bolsa tódolos billetes vellos de lotería e da primitiva, a conta dos cales, co conto de que sempre che faltan cartos, acabas gastando un pastón. Logo marchou o horoscopo que che anuncia felicidade sen límites,

"Posto que (...) está reservado a uns poucos o goce dos bens terreaís, é preciso que a maioría se resigne a cosumir fantasías. Véndense ilusións de riqueza para os pobres, e de liberdade aos oprimidos, soños de triunfo para os vencidos e de poder para os febles"

(Eduardo Galeano)

FANTASIAS



amor sen dor, e saúde a toda proba. As veces vaticina mesmo traballo fixo e bo pago.

Ti mira para min e dime. Hai que velas cousas que escribe a xente por levantar uns pesos.

Alá foi o feixe de toda a propaganda electoral que me puxeran no buzón para que votara aos políticos dos ricos que supostamente ían salvarme da pobreza. Fóra con eles.

Mira, ti sabes que eu son tola polo

fútbol. Pois tanto me fun cabreando que tirei ata o poster do meu equipo favorito. Total, todo é un engano. Vas alí, berras, enfádaste cos veciños afeizoados do equipo rival, e total, ¿para qué? para que gañen os que te representan a ver se te esqueces por unha noite de que na vida, no que é a vida, non dás feito máis que perder. Boh...

De supeto descubrín que aquel artista do que sempre che falaba —ese do que teño o poster, e unha chea de autógrafos, que eu iachelle a tódolos recitais, e sempre pensaba: hoxe fai que me recoñece e me dedica a miña canción favorita— bon, pois descubrín que é bastante menos bo mozo que o rapaz que trae o leite á ténda de xunta á casa, ese tan simpático, e que se te fixas ben o outro canta bastante peor que o leiteiro, coa diferenza que ao leiteiro escoito pola ventá sen pagar nen unha peseta. Xa ves. Tirei co poster. De paso, tirei co anuncio do coche que polo visto ía levarme con el á fin do mundo, e coa morea toda de medicamentos que ma dan na Seguridade Social para que cure e non me doia o lombo, cousa imposible, e coas xoias de fantasía que parece que son de ouro pero basta que che chova en riba unha vez e xa quedan feitas unha porcallada. Fóra con todo.

Pois nada, fixen un feixe con todo isto, para os rapaces facelas figueiras, ¿non sabes? a noite de San Xoán, que xa vén aí, e quedeime contenta coma unha verbena...

Niso que vou e esperto.

Sempre me gusta quedar un ratíño na cama, os sábados pola mañá, así, cando non hai que madrugar. Puxenme a mirar para a habitación e deime conta de que no piso non quedaba sitio nin para andar.

Entón erguinme e o primeiro que fixen foi baixar á tenda e mercar unhas bolsas para o lixo.

Ten boa voz o leiteiro, sabes, segun baixaba polas escaleiras escoiteino cantar.■

POESIA

PREGO DE DESCARGO

Porque ela Sr. Xuiz estaba en idade de merecer
e eu eu pasava
pasava por alí sen me meter con ninguen
Sr. Xuiz
e vin-na vin-na
e fun
e pedin-lle lume
so lume Sr. Xuiz e tiña
deu-me do lume dos seus ollos a cinza máis fertil
e dos seus peitos despuntava a tarde
foi Sr. Xuiz
eu so quería lume
e ela alí
coas pernas facendo o leito do delirio
eu Sr. Xuiz
ela
provocou-me Sr. Xuiz
as pernas
os peitos o pene Sr. Xuiz o pene era lume
e eu so quería iso Sr. Xuiz o seu lume e collin-no
pero non roubado Sr. Xuiz

ela
ela provocou-me
ela deu-me do seu fogo
ela estaba alí Sr Xuiz
e eu pobre de min eu
ela estaba en idade de merecer
e eu pasava e os seus ollos foron sinais lascivos
incendiando-me
collin dos seus peitos a tarde
e queimei-me todo
as pernas
os peitos
o pene Sr. Xuiz
queimei-me o pene do seu medo
pero eu non fun Sr. Xuiz
eu pasava por alí e
eu
eu
Sr. Xuiz

Adriana Castro..

CARTAS

Vigo, a 13 de Decembro de 1989

Sra. Directora da Revista Andaina

O día 3 de Decembro de 1989, ó ler as páxinas 1ª e 3ª do Diario 16 de Galicia, tivemos sentimentos contradictorios. Por unha banda encantounos que un grupo de mulleres levase a cabo a sempre difícil laboura detectivesca, dado que, salvo raras excepcións, a imaxe social que adoita transmitirse é a do detective varón. Ademais congratulámonos cos resultados obtidos en dita investigación e coa súa posterior denuncia pública. O que xa non é digno de ningún grupo feminista é calificar de "entidades satélites del partido" e "disfraces lilas del PSOE" a certos colectivos de mulleres, entre eles ALECRIN,

cando é de coñecemento público que son independentes e, daquela, non están venciados a grupos ou partidos políticos. Isto fíxonos pensar que, quizás por un mecanismo de proxección, atribuístesnos unha posición que non se axusta en absoluto á realidade. Emprazámosvos a que en futuras declaracións, para empregar o nome de colectivos ou asociacións feministas, fagades unha pescuda co mesmo rigor e ecuanimidade que tedes demostrado na denuncia do reparto de subvencións, antes de ousar facer declaracións como as anteditas polo que solicitamos a publicación deste escrito na vosa revista Andaina.

Un Saúdo. ALECRIN

Fdo.: Felisa Balboa D.N.I. 33.550.687

Laiamos o voso malentendido. Nen nas nosas declaracións aos medios de comunicación nen nos nosos dosiers temos nomeado a ALECRIN nen explícita nen implicitamente como "entidade satélite do Partido" nen como "disfraz lila do PSOE".

Nen é costume noso faltar á verdade nen tampouco obrar de má fe e, sabede que temos información abonda para saber que ALECRIN non entra para nós nesas calificacións.

Coidamos que tampouco é infrecuente que os medios de comunicación non transmitan fielmente matices ou posicións expresadas nas roldas de prensa, comunicados, etc.

Pola nosa parte reiterarvos que cismamos que a nosa denuncia a respeito do reparto das subvencións institucionais (dos gobernos de Madrid e Galego) no ano 89 - e tamén no 88, é doada e valente. Seguemos mantendo C por B canto dixemos no mes de Decembro.

Revista Andaina

"XENTE COMA MIN" DE URSULA HEINZE.

Marina.

A problemática está servida. Ursula Heinze actúa de enlace entre o lector e o tema, conflictivo e preocupante, como é o da droga na xuventude. A autora semella afastarse da narración ó deixarlle ó protagonista unha autonomía expresiva, que nos envolve nun ambiente de realismo que supera todo afán exclusivamente literario, para se converter nun documento social de primeira orde.

Tódolos feitos son reais: os personaxes están arrincados da realidade máis palpable, e o espacio físico, Santiago e arredores, achegan ó lector á bulla cotiá.

O esquema do relato vén dado polo monólogo dun rapaz de quince anos (¿prototipo de cantos?) que relata o seu entorno familiar e social e a súa toma de contacto co mundo da droga.

Nun momento determinado córtase-no-lo fluir psicolóxico do protagonista sen unha fin, sen un punto culminante, ¿cal será o futuro deste, e de tantos adolescentes?


Mesturado coa droga, roubos e violencia, atopamos sensibilidade, preocupacións que nos atinxen a todos, e actitudes de rebeldía cara unha sociedade que, mediante racismos, desempregos ou entornos hipócritas e flebes, nos encauza a alternativas evasivas de todo tipo.

Juan, un representante deste malestar existente entre os xoves, picotea durante unhas horas na nosa conciencia, atacándonos como membros que somos desta colmea, tantas veces un fervedoiro de ani-

mais buligando entre a marxinalidade máis pura.

Un relato fluído e levadeiro, para un tema de impacto.■

"A SEMELLANZA"



Sesé.

"A SEMELLANZA" é unha das últimas publicacións de M^a Xosé Queizán, unha novela ambientada na Galiza que narra a traxectoria dun xoven homosexual, Juanjo, fillo único dun matrimonio burgués e neno mimado da súa nai.

As primeiras páxinas abren-se coa nenez de Juanjo: un neno que medra a traveso das ensoñacións da súa nai, ou unha nai que se prolonga ao traveso do seu

fillo recreando para él o seu pasado, formando ambos os dous unha unidade, un só maxín nun mundo aparte, recreando-se na exquisiteza e mais o orgullo dos seus devanceiros, os primeiros semellantes, os idénticos.

O punto de inflexión da novela aborda o novo escenario da vida de Juanjo: o bloque que foran nai e fillo desmorona-se para xurdir no seu lugar unha outra identificación da mesma semellanza que agora ten por escenario a homexualidade de Juanjo.

Hai algo que Juanjo resiste-se a recoller para a súa propia madurez, eufórico e vital non ve fóra de sí nen rival nen opñente, e comprace-se en tentar ferilo, desafia-lo tal anano nun sono da súa nenez, sen decatarse que o feito de ter rachado con el no maxín non o exime da fúria da súa vinganza: a identidade é unha conquista e xamais un apriori Juanjo tentará reconstruír a súa identidade, a súa mismidade asovallada através dun corpo de muller, un corpo que cada vez resulta-lle máis alleo, un corpo estrano que atravesa a súa inexistencia.

A novela de M^a Xosé tenta recoller a diversidade de "modos de vida" dentro dunha opción sexual que aínda loita polo dereito a unha existencia e máis a unha identidade recoñecida e máis respectada, e non tan só tolerada, no mellor dos casos.

Un libro através do cal a autora presenta-nos un mundo até agora inédito na literatura galega, unha novela atrevida e crítica que nos permite abarcar nunha soia ollada o complexo mundo das relacións interpersoais, os límites entre o público e o íntimo, e que desvelara tamén os fios cos que estamos a tecer as nosas vidas.■

"EVIDENCIAS"?

Edicións Xerais
Ensaio - María Xosé Quizán

Carmen Corbalán. (Vigo)



A publicación dun libro de ensaio, e máis se como neste caso a autora é unha muller comprometida coa causa da liberación feminina, é sempre unha boa nova. Non abonda precisamente este tipo de publicación, no xa cativo de seu, campo editorial galego.

Edicións Xerais ven de publicar baixo o título de "EVIDENCIAS" esta recopilación de ensaios de M. Xosé Quizán da que imos falar. O volume recolle 8 artigos e está estruturado do seguinte xeito:

— O primeiro corpo é co epígrafe de "Identidade e Lingua" recolle dous artigos; un deles "A lingua galega e a muller" pertence ao libro "A muller en Galicia" (1977), e outro "O segredo das palabras" está datado no 1980.

— Na segunda parte, "A paixón do canto", co telón de fondo da literatura e a muller proposto no primeiro dos traballos, "Literatura silenciada", aparecen outros dous de temática máis concreta: "O mar na obra poética de Rosalía" (sen datar, como antedito), e "O feminismo nas trobadoras provenzais e nas cantigas de amigo" (1966), que se ilustra con oito traducións da autora doutras tantas cancións provenzais.

— O terceiro corpo, "Da escravitude á independencia" constitúe, tanto polo obxecto de estudo como polo xeito de focar máis globalizador, a parte propiamente feminista. Tres ensaios acobillan esta derradeira parte do libro; dous deles

pertencen á obra "Recuperemos as mans" (1980), e o terceiro "Feminismo e epicureísmo" é recente (1989).

Se me estendo na descripción do índice é porque, como xa dixemos, o libro é unha recopilación, entende-se que ordeada e escollida pola autora. Ten interese, logo, ter conta do criterio que se desprende da escolla feita por M.X.Q.: Dos seis escritos datados só un deles é recente ("Feminismo e epicureísmo" 1989), e catro, a metade deles, cumpren agora unha década. Dos outros dous só temos as referencias das citas (Nº 2 da revista "Festa da palabra silenciada" que María Xosé coordena). Queda claro que o criterio da autora ten sido salientar os seus traballos máis antigos e, en concreto, aqueles que amosan máis abertamente as súas ideas verbo do que lle é propio ao feminismo. As razóns que no limiar nos adianta ela son a cativa difusión e atención que nos anos que se publicaron tiveron os devanditos libros, "A muller en Galicia" (1977) e "Recuperemos as mans" (1980), e a súa vixencia.

Deixamos para máis tarde este aspecto; vou-me centrar agora nalguns problemas que, na miña opinión, se amosan en "EVIDENCIAS".

Un deles e non o menos importante é a diversidade de temas e enfoques que en tan pouco espazo, e mesmo nun so artigo, aparece. Está presente a Lingüística, a Literatura (feminina, feminista...) a Filo-

sofía, a Historia, e a Política, que non outra cousa é a nosa liberación ou a normalización do galego.

Esto é O ENSAIO, pode-se dicir; esa é a gracia dun NON XENERO; que admite o polifacetismo e a multilateralidade, coller de aquí e acolá, sen rexidez... pero o que tamén é certo é que non vale todo: o rigor non debe estar rifado coa globalización, nin as hipóteses de interpretación co intento de demostración apoiado no concreto.

O que quero dicir é que por veces unha ten a sensación desacougante de non saber qué pretende comunicar a autora, e, se elo pertence ao terreo do subxectivo ou é algo obxectivábel na realidade. E isto é especialmente grave cando se establecen teorías, xeitos bastante pechados de interpretación da literatura, do devenir histórico, da construción da linguaxe...etc.

Na miña opinión, fan-se plantexamentos moi sumarios e aportan-se saídas simplificadoras en exceso, poño por caso nos dous traballos que están baixo o epígrafe de "Lingua e identidade".

Usa-se e abusa-se do método analóxico, non sempre aconsellábel, opoñendo, por exemplo, ao grupo: Lingua galega-Lingua feminina-lingua do poder. Ou escravos de Grecia antiga-mulleres ao longo da historia e, en todo o mundo. Ou á difícil conceptualización do "Hedoné" de Epicuro e o feminismo, máis aló de moi xerais

concomitancias, que todas as teorías con elementos liberadores posuen . (2)

Un terceiro problema é a dificultade para seguir á autora no contido dalguns conceptos, presentes en varios dos ensaios. Duas mostras poden ilustra-lo:

Existe para M.X.Q. unha natureza feminina?, cuns valores propios?. Namentras que na paxina 20 —"O segredo das palabras"— se valoran en positivo "As mulleres que asumen a postura de defensa da natureza feminina específica. Significa adoptar unha postura non competitiva e aceptar outra orde de valores", valoranse en negativo: "As mulleres asimiladas, as reformistas, as que propoñen a igualdade. Traballan coma homes, logo son coma homes. Non se cuestionan a cultura masculina," ; na pax. 61 —"A lingua e a muller"— di-nos: A función do feminismo non é impor uns valores sobre outros senon destruír os sistemas de valores actuais." Máis recentemente, no "Feminismo e epicurismo", páx. 177, seguindo a Epicuro "Nada hai xusto por natureza", di: "De aquí partimos as feministas para opórmo-nos á natureza atribuída". Así que tamén dende o punto de vista conceptual deslizan-se as interrogantes até o título: qué "EVIDENCIAS"?

Nos ensaios máis específicos e concretos estes aspectos que veño de dicir atenuan-se e, pola contra, sobresaen o labor investigador, a validez do concreto e os problemas que plantexa fronte os razoamentos pechados e pretendidamente demostrados. Refiro-me a "O amor na obra poética de Rosalía" e "O feminismo nas troubadoras provenzais e nas cantigas de amigo" e, con outro tipo de problemas, a "Feminismo e epicurismo".

Abordarei por último o tema da vivencia das teses espostas nos dous traballos publicados nos 80: "Mulleres-escravas" e "Recuperaremos as mans".

Vaia por diante que non é o meu interese facer unha crítica dende hoxe dos postulados que M.X.Q. facía nos últimos 70 e que en parte se recollen nestes en-

saíos. E non o é porque penso que 10 anos é moito... para o Feminismo galego. E nen máis nen menos que a meirande parte da súa existencia, e, por pura lóxica progresista, resisto-me a pensar que as mulleres que teñen feito —na teoría e na práctica— ese feminismo (e non teño ningunha dubida do lugar que nesa andaina lle corresponde a M. Xosé Queizán) non mudaran, matizaran e completaran as súas ideas. Revisar dende hoxe as teses que se propuñan daquela é tarefa dos protagonistas e do colectivo, pero non obxecto destas consideracións críticas de lectora non especializada.

Direi, porén, que nos dous artigos están presentes, e para min é a validez fundamental que teñen, opinións sobre os debates que naqueles anos ocupaban as cacholas dunha chea de mulleres, eso si con algun retraso respecto ás nosas compañeiras europeas e, sobre todo americanas.

Enunciarei algúns temas, todos eles están nos artigos:

— É a muller unha clase social?

_ Como é a nosa sexualidade?

_ Cal é a nosa historia?

_ Poden, deben participar as mulleres feministas nos partidos políticos?

...E, algunhas cousas máis. Como vedes TODO

Algunhas recordaredes como era este país naqueles tempos. Remataba de reorganizar-se o poder en forma de monarquía parlamentaria e aínda non estaba clara a súa permanencia como amosou o 23 F. Nen divorcio, nen aborto, nen primeira reforma do código penal, nen sociatas, nen Instituto da Muller, nen Carlota, nen cuota, nen...e iso sen sairmos das fronteiras estatais.

Para moitas das cuestións apuntadas as respostas dadas daquela xca non nos valen. Outras non tiñan resposta porque sinxelamente a meirande parte dos traballos de investigación sobre, poño por caso, a nosa historia ou a literatura feminina,

teñen sido publicados nos 80 e outras máis plantexan-se hoxe doutro xeito. Soñabamos daquela a faciana que ía tomar a política dende o poder cara ás mulleres?, ou a utilización puritana e conservadora que se ía abrir paso con algunhas das nosas ideas respecto ao pracer sexual das mulleres? Podería-se discutir hoxe se a muller é ou non é unha clase social coa seguridade que se tiña daquela sobre o que era, cabalmente, unha clase social? Por non falar de se sirve ou non o marxismo.

Quén é quén hoxe de dicir sen rubor que os intereses da raiña, das mulleres empresarias ou das Matildes Fernandez son no fundamental os mesmos que os das mulleres de Orosa, os das paradas, os das mulleres que teñen profesións liberais? e, por non alongar estas liñas moito máis, quén afirmaría hoxe, sen esperar grandes pitadas, aquilo de que o Feminismo é a teoría e o lesbianismo a práctica e, xa que logo, o pedigree feminista está vencellado aos particularísimos gustos por moi heterosexuais e mesmo pornográficos que sexan?

Estes temas si teñen vivencia hoxe e, con eles no pensamento, os ensaios de M.X.Q. decepcionan. Non teñen resistido no fundamental o paso do tempo e, dende logo, sería difícil que fora doutro xeito.

Gostariame que estas liñas alén da crítica, humilde e cordial polo demais, serviran para animar-nos a non quedar quedadas, a arriscar-nos, como penso que fai a María Xosé, e revisar, escribir e investigar, porque francamente, no eido da teoría, do ensaio e da investigación feminista hai moito que facer.■

(1) EVIDENCIAS. Edicións Xerais — ensaio— María Xosé Queizán.

(2) páx. 171. "(Epicuro) —niciou un camiño filosófico polo que hoxe transita a teoría feminista—"

CAFE PLACER, 19 VIGO

cafe "uf" placer, 19-vigo 228682

CARTELES

Café

Rua do Sol, 139 - 141
Telf. 35 31 66
15401 FERROL

CAFE

זורה
הנהג

Vigo
C/ Manuel Nuñez, 18

SECUNDINO CAPEANS CARBALLO
GERENTE

CONCHEIROS, 11
TELF. 571408

15703 SANTIAGO

suteca

RIO

PELUQUERIA

2.ª Fase de Elviña
Ud. veciñal 3
Comercial 9
Teléfono 24 72 61
A CORUÑA

libreria **a**
abraxas

Montero Rios, 50 — SANTIAGO —
Teléfonos 580377 - 580587

SINTRA

- Roupas e Bisuteria
- Estrada de Castela, 134
- Telf: 31 06 60 • FERROL

Libreria

Michelena
Michelena, 22
Teléf. 858746
Pontevedra

PUB
METATE

Calzon de San Pao - SANTIAGO

APOLO

Galerias Viacambre
SANTIAGO

Pradio Platón

104.9 FM - VIGO

a radio que sempre funciona!!

CAFE - BAR RESTAURANTE
EL REFUGIO

Puente de La Reina, 25
Teléfono 58 70 35
SANTIAGO

PUB
ENTREMUROS

Entremuros, 13

libreria **couceiro**

REPUBLICA DE EL SALVADOR, 9
TELEFONO 565812
SANTIAGO DE COMPOSTELA



IV FEIRA INTERNACIONAL DO LIBRO FEMINISTA

Do 19 o 23 de Xuño de 1990. Barcelona.

Adiantabamos-vos algo no anterior número de ANDAINA. Xa teñen un programa provisional dos debates e mesas redondas que se organizarán na semana da feira baixo o tema central de "A muller como creadora, transmisora e consumidora da cultura na década dos 80". Constará dunhas xornadas profesionais (19 e 20) para as editoras, librerías, axencias literarias....con diversos talleres.

A cuota de inscrición será de 4.000 pts.

O mércores 20 ás 20 h. o debate sobre "A muller e a creación literaria" abrirá a feira ao público.

Os días 21, 22, 23 serán as xornadas temáticas abertas ao público e de visita libre á feira. Organizaran-se talleres de debates relacionados co tema central da feira:

— Muller e Psicoloxía. Historia e conciencia crítica. A escritura lesbiana nos 90...Leitura de poesías, etc.

As 20 h. cada tarde terá lugar unha mesa redonda central cos temas:

— Muller e creación literaria; xicocrítica. Muller e cultura popular. Política, paz e ecoloxía.

A entrada a estes debates custará 500 pts. (para as catro sesións 1500 pts.) contarán todas elas con traducción simultánea.

Teñen pensado presentar tamén algún "estand" de tipo monográfico ademais de cine, teatro, exposicións, vídeos,

música, comic... e por suposto a exhibición e venta de libros e revistas.

Como veredes completiño !!

Para ir, fan unha oferta en viaxes organizadas, con billete de avión e hotel incluído; ademais a Renfe ofrece á feira un desconto do 30% en todo o Estado Español.

Para máis información, inscricións nas organizacións da Coordinadora Nacional, ou podeades escribir a:

IV Feira Internacional do Libro Feminista

M^a José Aubet-Mireia Bofill

Casa Elizalde, Valencia 302 —
08009 Barcelona

Teléf; 4872894 / 4871393

Fax. (343) 2155273 (Ref.:IV Feria Internacional del Libro Feminista)■

XOGO LITERARIO

paráguas - verde - oito - amazonas -
desértico - estandarte - inclinado - lírio -
antonte

FINE DELLA PRIMA PUNTATA

Do teu verde protexer-me nas pálpebras, paráguas aberto a temidos sentimentos. Con oito véus cubrir-me todo, as enrugas das orellas a pregaren-se para non ser Ulises do teu cántico. Non poderán as dúas amazonas do teu beixo sementar o mesmo lírio na miña xa desértica boca. Inclinado cara a miña soedade, pecho a porta do cuarto pendurando o cartaz de "NO DISTURB", poño a miña ira en estandarte e vou morrendo.

Antonte foi
a antesala do meu
BERRO

Emma Abella



